

ler

conta moito



**GUÍA DE
POESÍA**

De 3 a 8 anos



Edita

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Elos-Galicia

Coordinación

Blanca Ana Roig Rechou

Redacción

Eulalia Agrelo Costas
Berta Dávila Fernández
Carmen Ferreira Boo
Marta Neira Rodríguez

Deseño e maquetación

Elos Galicia

Depósito legal: C 176-2014

Índice

	Pág.
Introducción.....	5
1. <i>Parece unha rosa</i>, Rosalía de Castro Berta Dávila Fernández	11
2. <i>A casa de había unha vez</i>, Ana María Fernández Eulalia Agrelo Costas.....	20
3. <i>Coplas</i>, Antonio García Teijeiro Berta Dávila Fernández.....	36
4. <i>Rata linda de Compostela</i>, Bernardino Graña Carmen Ferreira Boo.....	47
5. <i>Eu conto, ti cantas...</i> María Victoria Moreno Marta Neira Rodríguez.....	59
6. <i>Fafarraios</i>, Gloria Sánchez Carmen Ferreira Boo.....	71

Introdución

Nesta primeira guía de lectura, dedicada ao xénero poético e á franxa de idade de 3 a 8 anos, preséntase unha selección de obras relevantes da literatura infantil e xuvenil galega para ir creando o imaxinario dos máis novos e tamén para a formación lectora e a instauración do hábito lector. Ten como obxectivo facilitar e acompañar a tarefa do mediador na selección de textos e na planificación da educación literaria, entendida esta como a posta en marcha dunha metodoloxía de traballo que permita a consecución dun conxunto de saberes culturais, literarios e sociais, de xeito que contribúan ao intertexto individual da nenez e á súa activación ante a lectura dunha obra literaria (Roig, 2013).

Acolle seis poemarios que se considera que deben coñecer os máis novos e cos que se poden conseguir os obxectivos marcados a través dos apartados intitulados: “Preparación da lectura” e “Propostas de traballo”. En cada un preséntanse materiais de apoio destinados ao mediador, entendendo por este todo adulto que exerce un papel de ponte entre as obras literarias e a nenez: bibliotecarios, familia, profesorado de Educación infantil, primaria e secundaria, promotores culturais...

O apartado "**Preparación da lectura**" contribúe á conformación dun perfil contextual arredor do momento no que se produce a obra, para que o protagonismo desta se comparta con coñecementos sobre etapas históricas, autores, ilustradores e traxectorias, parte importante das destrezas e habilidades do lector competente que se quere formar. Para este fin tamén se engade unha bibliografía, o subapartado "Para saber máis", que contén recensións e referencias sobre a actividade poética xeral de cada autor elixido. Esta información é un punto de partida para os fins propostos, coa intención de que sexa posible elaborar un proxecto de traballo xeral ou procuras de datos puntuais, que partan dos textos, dos paratextos —é dicir, todo o que rodea o texto: informacións editoriais, sobre a estrutura da obra, sobre o propio autor e a obra, e mesmo algún tipo de ilustración—, ou de buscas na rede ou noutros recursos que o mediador considere acaídos a quen se quere achegar no espazo e no tempo concretos para levar a cabo a formación lectora.

O apartado "**Propostas de traballo**" inclúe unha serie de actividades para traballar coas obras elixidas en diferentes espazos lúdicos e formativos, un conxunto de accións que se poden adaptar seguindo diferentes criterios e situacións: idade do destinatario, composición do grupo, esixencia, duración, profundidade...




As actividades divídense nestas propostas en distintos subapartados segundo o que se pretenda con elas: "Para introducirse na lectura", "Para xogar, crear e contaxiar", "Para dialogar con outras artes", "Para emocionar", "Para pensar" e "Para aprender máis". A función de cada un dos subapartados é agrupar os diferentes tipos de actividades para facilitar a tarefa de seleccionalas a partir do que se quere acadar en cada momento.

O primeiro dos subapartados, "Para introducirse na lectura", podería levar a repeticións non desexadas. Por iso, nesta introdución, recoméndanse unha serie de actividades comúns a todos os textos poéticos elixidos, en relación á "Lectura en voz alta" e á "Identificación de rimas".

Lectura en voz alta


- **Practicar unha lectura en voz alta** do texto sen público, tendo en conta as características poéticas en canto a ritmo, rima e significado das imaxes, para facilitarlle ao futuro lector unha experiencia positiva inicial baseada no goce e que sirva de modelo para entender que se atopa diante dun texto especial ou diferente a outros xéneros literarios.
- **Confiar na intuición persoal** sobre aquelas partes do texto que emocionan máis ou que, pola súa beleza formal, teñen maior impacto no lector adulto. O que emociona o mediador, tamén pode emocionar a infancia.
- **Marcar no texto con lapis partes nas que é necesario intensificar ou modular o ton de voz** e percibir os períodos sintácticos que poden abranguer varios versos, para non separalos na lectura, como é frecuente que aconteza.
- **Arredarse da lectura de poesía con cadencias repetitivas**, na que se fai unha pausa sempre despois de cada verso, converténdoo nun punto de inflexión esaxerado e que adoita caer na artificialidade.



- **Procurar na rede recursos de interese** para un tipo de recitado máis axeitado, como os propios dos autores (nuns casos da súa obra e noutros da doutros poetas), que é recomendable escoitar para contaxiarse do ton e das formas contemporáneas de recitar e para distinguir os diferentes tipos de recitadores. Un bo recurso é o portal web Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (<http://www.aelg.org/>), dentro da sección do autor, no apartado de videoteca. Tamén é aconsellable a audición de poemas musicados en todos os tempos.




Identificación de rimas




A escoita atenta desas partes da palabra que soan parecido e que coinciden ao final do verso é relevante porque a rima forma parte das características de moitos textos poéticos. Entre as propostas que inciden no coñecemento da dimensión sonora da poesía, sempre estarán presentes:

- **Identificar as palabras que riman** nos textos.
- **Agrupar ou procurar palabras alternativas que rimen** coas propostas en distintos poemas.
- **Iniciarse no recoñecemento de formas métricas.**

Todas estas recomendacións poden ou deben ser ampliadas con actividades concretas, se o caso o require.



Os criterios para a selección destes seis poemarios, despois de revisar o canon potencial de obras da poesía infantil en galego, é dicir, do conxunto de toda a produción poética a partir da “Producción de literatura infantil e xuvenil en galega” (<http://www.usc.es/gl/proxectos/lijmi/descargas.html>) e dos *Informes de Literatura* (Roig, 1996-2011), e de examinar a súa calidade literaria, foron:

1. Que os poemarios formasen parte do canon accesible, é dicir, que fosen obras dispoñibles en librarías e bibliotecas.
 2. Que os seus autores fosen considerados referentes polo seu traballo permanente en prol da lingua e da literatura.
- 

3. Que respondesen a distintas modalidades poéticas entre as denominadas "poesía é xogo", "poesía é música", "poesía é conto" e "poesía é maxia" (Roig, 2000).
4. Que se axustasen ás capacidades psicolóxicas e cognitivas das idades elixidas.

É mágoa non poder seleccionar aquelas obras que, pertencendo ao canon potencial, non posúen reedición na actualidade e, polo tanto, non é posible que sexan adquiridas nas librarías e mesmo son de dificultosa consulta en bibliotecas, malia tratarse de textos que o mediador debería ter en conta para a construción do imaxinario cara á formación lectora, caso de *Pola rúa dos versos* (Edelvives, 1990), de Ana María Fernández.

As obras seleccionadas, por orde alfabética dos apelidos dos seus autores, son: *Parece unha rosa*, de Rosalía de Castro; *A casa de había unha vez*, de Ana María Fernández; *Coplas*, de Antonio García Teijeiro; *Rata linda de Compostela*, de Bernardino Graña; *Eu conto, ti cantas...*, de María Victoria Moreno; e *Fafarraios*, de Gloria Sanchez.

Esta guía ten vocación de continuidade con obras doutros poetas que, por non se dirixir a este tramo de idade, tiveron que pospoñerse para o futuro, como é o caso das pertencentes a Manuel María e Helena Villar Janeiro. Deséxase que estas guías se convertan nun instrumento útil para achegar a poesía á infancia, porque "a poesía educa en sentimentos, nos valores democráticos, no eido estético e facilita que os nenos descubran as dimensións menos coñecidas, pero imprescindibles, das palabras" (García Teijeiro, 2009: 45).



Bibliografía

García Teijeiro, Antonio (2009), *A poesía necesaria*, Vigo: Galaxia.

Roig Rechou, Blanca Ana (coord.) (1996-2011), *Informe de Literatura*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en humanidades. (CD-ROM e www.cirp.es Apartado "Recursos").

- (2000), *A poesía infantil e xuvenil en Galicia*, Santiago de Compostela: Teófilo Piñeiro Edicións.
- (2002), “La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia”/“A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia”, en Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules Ediciones, Vol. XXXIV, cap. 8, pp. 382-501.
- (2003), "Literatura infantil e xuvenil", *Revista Galega do Ensino*, nº 39, pp. 161-169, "O pracer de ler"
- , Marta **Neira Rodríguez** e Eulalia **Agrelo Costas** (2009), "A poesía infantil no século XXI en Galicia", en Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez (coords.), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 77-108.
- , Marta **Neira Rodríguez** e Eulalia **Agrelo Costas** (2010), "Unha maré de poesía galega. Poesía para a infancia no século XXI: autores e correntes", en José António Gomes, Blanca-Ana Roig, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos (coords.), *Maré de libros*, Porto: Deriva Editores, pp. 33-62.
- (2013), "Educación literaria, saberes y enciclopedia del mediador", en Sandra Álvarez, Carmen Ferreira e Marta Neira, *De la literatura infantil a la promoción de la lectura*, Madrid: Fundación Universitaria San Pablo CEU, Ceu Ediciones.

Webgrafía

Rede temática de investigación “Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico e iberoamericano (LIJMI)” <http://www.usc.es/gl/proxectos/lijmi/>.

1. *Parece unha rosa*, Rosalía de Castro



Parece unha rosa, Rosalía de Castro
Ilustracións de Isabel Pintado
Editorial Espiral Maior, col. Lúa Lueira, 2010, 25 pp.
ISBN: 978-84-92646-54-8

PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO

Parece unha rosa é un poema que forma parte da obra *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, editado en 1863 e convertido no ano 2010 nun álbum ilustrado pola editorial Espiral Maior por ser considerado de interese para o lector infantil, dado que, no momento da súa primeira publicación, non se pode falar en Galicia de literatura infantil e xuvenil. Rosalía de Castro é unha das figuras clave do Rexurdimento. A súa escolla do galego como lingua literaria supuxo un importante paso adiante na reivindicación lingüística e por iso a data de celebración do Día das Letras Galegas foi escollida en homenaxe ao aniversario de publicación do poemario antes nomeado, que marcou un fito para a literatura galega. No Rexurdimento, movemento non só literario senón tamén político e cultural, destacan outras figuras, como Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, que contribuíron con traballos de distinta xeira ao desenvolvemento dunha etapa de recuperación histórica, política e artística dos elementos identitarios galegos que foran escurecidos e perseguidos en séculos anteriores.

2. A AUTORA/ A ILUSTRADORA

Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) é unha das figuras máis sobranceiras da literatura galega. A súa obra segue a recibir na actualidade unha importante atención de críticos e estudosos e un gran recoñecemento popular. Autora de ampla formación artística, literaria e musical, mantivo un contacto continuado cos intelectuais do seu tempo e reivindicou a súa condición de galega non só coa escolla do idioma nos poemarios *Cantares gallegos* e *Follas novas*, senón tamén co tratamento nos seus textos de problemáticas que afectaban ás clases populares de Galicia. Estivo casada co intelectual Manuel Murguía, primeiro director da Real Academia Galega e un home influente no renacer dos movementos galeguistas.





Isabel Pintado (Madrid, 1964) é licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid e autora de numerosas exposicións en territorio galego, a onde se trasladou en 1991. A súa actividade artística desenvólvese tanto na pintura coma no gravado. Deste xeito, impartiu distintos obradoiros de creación plástica e participou en proxectos interdisciplinares relacionados coa poesía, o vídeo, a música e a danza.

3. A OBRA

Descritor

Parece unha rosa é unha composición de tipo popular organizada en estrofas de catro versos con rima nos pares. A rima consonante resulta moi atractiva para o lector infantil e permite desenvolver actividades sobre a dimensión sonora da poesía nas primeiras idades. A temática do texto alude a unha escena costumista na que dous nenos son invitados pola voz poética a lavarse nunha fonte mentres se gaba a súa beleza e frescura e son aloumiñados polo adulto. O emprego dos procedementos retóricos da poesía tradicional fai do poema un texto próximo ás composicións de transmisión oral (arrollos, cantos de berce, xogos de bater as mans...) que forman parte do acervo do neno previo ao seu contacto coa literatura na escola. Aмосa tamén unha gran sensibilidade nas escollas léxicas e no uso do diminutivo, que se empregan con acerto e que resultan de interese para achegarse á esfera de emocións cos máis pequenos.

Temas

Imaxes poéticas / Tradición/ Arrolo/ Vida cotiá

4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras da autora

Outra publicación interesante para afondar na obra de Rosalía de Castro antes dos oito anos é a obra ilustrada por Marina Seoane, con música de Uxía, *Rosalía pequeniña* (Galaxia, 2013). Tamén en *Os nosos versos* (Anaya, 1997, reeditado en 2013), antoloxía elaborada polo poeta Antonio García Teijeiro, poden atoparse textos poéticos de autores clásicos e contemporáneos da literatura para adultos que foron considerados de interese para o lector infantil.

2. Recensións e referencias

Bal, Romina, “¡Apértame ben, corazón de manteiga!”, *Galicia Hoxe*, *Lecer*, n.º 854, “Cativadas”, 6 marzo 2011, p. 6.



PROPOSTAS DE TRABAJO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

A lectura en voz alta

Aqueles textos poéticos que posúen un fío narrativo permiten explorar non só o plano da poesía senón tamén o nivel argumental, traballar sobre aquilo que acontece no poemario e desenvolver actividades nese sentido desde a primeira lectura. Aínda que non é exactamente o caso de *Parece unha rosa*, xa que non se trata dun conto en verso en sentido estrito, si aparece relatada unha anécdota concreta, un feito. Unha mestura do poético e do narrado pode derivarse da lectura dramatizada, que é posible facer colectivamente, coa participación de todo o grupo de traballo, ou desenvolver en agrupacións máis reducidas.

O primeiro paso con este álbum debería ser a lectura en voz alta por parte do mediador, para a que se poden seguir as pautas xa descritas no apartado introdutorio. Nesta lectura é importante situar a **énfase na identificación das distintas estruturas repetitivas** ("vente rapaza, vente meniña"- "Vente Minguíño, Minguíño vente", "despois de lavada parece...", "despois de lavado parece..."), e que logo dunha primeira lectura poderían **repetir ou completar** os nenos mentres o mediador se fai cargo do resto do texto. Coñecer esta serie de repeticións, identificalas e repetilas é un xeito de integrar de xeito paulatino a lectura e tamén de aprender unha fórmula común nas composicións populares, no camiño de desenvolver conceptos clave para a análise literaria.

Nunha segunda fase os personaxes do texto poden ser interpretados nunha **lectura en clave dramática**. A meniña que parece unha rosa e Minguíño, o neno que parece un repolo, son os dous personaxes do texto, aos que tamén se engade o pai, e a nai que, se ben non aparece no texto explicitamente nomeada, si figura grazas ás ilustracións.

Procurar rimas

A **identificación de rimas** é, como xa se dixo na introdución a esta guía, unha actividade de interese para calquera texto poético que presente esta característica, e poden seguirse as indicacións que foron achegadas con anterioridade para repetir a actividade. O texto emprega en varias ocasións o diminutivo para efectuar a rima, un recurso sinxelo para o lectorado inicial, e que pode explotarse para formar máis rimas. Outras rimas facilmente ampliáveis que se dan en *Parece unha rosa* son as rematadas en "-osa" ("preciosa"- "rosa") ou "-ente" ("vente"- "dente").

Procurar estrofas

Estruturas de catro versos como as que aparecen en *Parece unha rosa* son frecuentes nas **composicións populares**. É interesante, coa vontade de que non se perda o legado da transmisión oral entre os máis pequenos, elaborar unha actividade de procura de textos que os nenos poidan coñecer por telos escoitado a seus avós ou pais. Se non é inmediata a resposta, é interesante solicitarlle ao lector cativo que faga unha **pescuda** entre os maiores da súa casa e que recolla algunha composición para partillala cos demais. Con todos estes textos pódese facer un recitado ou un pequeno libro ilustrado polos lectores para compartir entre todos e poder levalo para a casa.

...Para xogar, crear e contaxiar

Que che parece?

O título da obra, *Parece unha rosa*, procede dun dos versos do poema, que establece unha comparación entre a flor e o aspecto da nena acabada de bañar. Do mesmo xeito, o neno é comparado despois de pasar pola fonte cun repolo que acaba de saír. A **comparación** é a estrutura na que se basea a figura da metáfora. Unha actividade interesante consiste en xogar a crear metáforas seleccionando dous elementos que teñan semellanzas, mais tamén diferenzas que as afasten o suficiente como para que se produza o efecto literario. En grupo pódese crear unha listaxe de persoas queridas en situacións cotiás. Por exemplo, "mamá cando regresa do traballo", "papá o día do seu aniversario", "meu irmán cando lle mercan caramelos" etc., e outra listaxe de

obxectos e realidades próximos e/ou do gusto do destinatario, como un axóuxere, unha campá, unha praia no verán etc. Resulta divertido xogar a relacionar as dúas columnas para crear metáforas a imitación da aparecida no fragmento.



...Para dialogar con outras artes

Imaxinar coa ilustración




Cando se trata dun álbum ilustrado resulta especialmente importante outorgarlle á imaxe o peso creativo que posúe. Nesta obra, a ilustración completa e interpreta o significado do poema; ofrece unha serie de personaxes e un fío condutor máis próximo ao narrativo que resulta de interese para o primeiro lector. Á hora de afrontar o traballo da ilustración é importante que se cuestione á nena e ao neno sobre o que alí aparece, sempre tratando de transcender o inmediato. Por vez que probar con suxestións do tipo "De que color é?" ou "Como é esta nena?" é interesante relacionar o que se percibe a través da imaxe con outras realidades como, por exemplo, "Que cres que está a pensar o

gato que aparece na imaxe?" ou "De onde cres que chegou este paxariño pousado sobre a nena?" co obxectivo de **imaxinar a partir da ilustración, dialogar e compartir** o que a lectura literaria nos ofrece.

E a rosa a que se parece?

A evocación do título, *Parece unha rosa*, permite xogar cunha actividade plástica paralela como é a creación de **colaxe** con elementos da natureza. Invertendo a metáfora que compara a nena coa flor, pódese tratar de compoñer con flores, pólas, follas, algún deseño que imite outra cousa ou que sexa abstracto. A pregunta xa non sería quen parece unha rosa senón a que se parecen eses elementos naturais que se recompilaron para crear plasticamente. Pódense aproveitar estes deseños para ilustrar a cuberta do libro elaborado na actividade anteriormente comentada.


...Para pensar



A oportunidade que ofrece este álbum ilustrado é precisamente chegar a Rosalía de Castro aos máis pequenos. Neste sentido, sería interesante elaborar unha pequena **indagación** non só sobre quen era Rosalía senón sobre as circunstancias históricas que a rodearon como escritora. Partindo da idea que aparece no poema "vaite lavar no pilón da fontaña" pódese explorar o concepto de tempo histórico cuestionando os cativos sobre onde se bañan na actualidade, estendendo as preguntas a outros aspectos da vida cotiá que difiren con respecto ao tempo vivido pola autora (Que outras cousas non había? Como eran as casas? Como eran as cidades? Había coches? Teléfonos? Televisión?).


...Para emocionar

O meu corazón é de...




O verso "apértame ben corazón de manteiga" supón outra estrutura propicia para **inventar metáforas**. A sensibilidade que transmite pode servir para reflexionar sobre aquelas cousas que nos identifican, nunha actividade que procure afondar na identidade e na conformación da propia personalidade. A través del, pódese interrogar sobre de que está feito o corazón de cada un e o daqueles aos que máis se quere, sobre as paixóns e as preferencias, e facer unha relación de cousas que gustan ou que emocionan dalgún xeito ("o verán", "a música", "as palabras fermosas"...) e situándoas nunha estrutura igual ("corazón de verán", "corazón de música", "corazón de bolboreta"...). Para plasmar esta actividade pódese elaborar un *colaxe* ou unha serie deles que se dispoñan nun mural na biblioteca.

...Para aprender máis



Os versos de *Cantares gallegos* empregados neste volume poñen de manifesto a posibilidade de seleccionar poemas de autores clásicos para levalos aos espazos de traballo lúdico-formativo, como as bibliotecas, e mesmo ás aulas de Educación Infantil e Primaria. Dentro de *Cantares gallegos* existen outros poemas ou fragmentos que poden achegarse como complemento ao álbum traballado. As obras recomendadas no apartado de presentación da lectura acollen distintos exemplos de poemas que resultan axeitados para este propósito.

2. *A casa de había unha vez*, de Ana María Fernández



A casa de había unha vez, Ana María Fernández

Ilustracións de Enjamio


Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante),

n.º 106, 2001, 51 pp.

ISBN: 84-8302-622-8

PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO




A casa de había unha vez é un poemario de Ana María Fernández que foi publicado no ano 2001, cando a literatura infantil e xuvenil galega se consolida grazas ao compromiso de autores, editoras e asociacións e á súa consideración como literatura no ensino para dar lugar a un lectorado competente. Nestes primeiros anos do século XXI, moitos dos poemarios seguen a beber do cancionero infantil, que representa o contacto inicial da infancia coa poesía lírica e a axuda ao proceso de creación do imaxinario, crecemento, aprendizaxe e socialización, debido a que as súas composicións se caracterizan pola musicalidade, sinxeleza formal, recorrencia ao absurdo e notoriedade do aspecto lúdico. Estes poemarios conviven con outros que, sen renunciaren ás fórmulas anteriores, sobresaen pola súa maior complexidade, experimentalismo e subversión nas formas e por abordaren un amplo abano de temáticas que se despregan desde o máis íntimo á realidade circundante, a partir da abstracción, crítica e reflexión.


2. A AUTORA/ O ILUSTRADOR



Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) é unha mestra que participou na elaboración dos primeiros materiais para o ensino da lingua e literatura galega, nos que ensaiou a escrita para os máis novos. A partir de aí, individualmente ou co seu home e tamén escritor Xoán Babarro, publicou múltiples obras, entre as que sobresaen as poéticas, que responden a dous modelos dispares e á vez complementarios. Se nos títulos para a infancia, caso de *Pola rúa dos versos* (1990), *Ondas de verde e azul* (1994), *Oliña de azucre* (1995), *Tres voltas ao planeta* (2000), *A casa de había unha vez* (2001), *Quen vive aquí?* (2004), *Poemas que me cantou o grilo* (2007) e *Galicia. Do A ao Z* (2008, asinado con Babarro), a poesía conduce o lectorado polo mundo desde os recursos da literatura popular, a diversión ou as intertextualidades cos contos clásicos, nos dirixidos á xuventude, *Amar e outros verbos* (2002, Premio Lazarillo 2001), *O país de amarnos* (2004) e *Páxinas de carricanta* (2011),



a poesía suscita un exercicio de introspección sobre o ser humano e o mundo que habita, no que a palabra e os sentimentos se converten en vértices dunha poética máis madura.



Enjamio, nome artístico de Luis Castro Enjamio (A Habana, 1962), formouse na Escola de Artes Plásticas San Alejandro e no Instituto Superior de Artes da Habana. En Cuba traballou como debuxante e deseñador gráfico na Editorial Gente Nueva, ademais de colaborar con outros selos editoriais e revistas. Coa súa chegada a España a mediados dos anos noventa principiou a ilustrar numerosos traballos para editoras galegas (Galaxia, Xerais, Kalandraka...) e outras de ámbito estatal (Anaya, Edebé, Everest...). A súa obra, pola que recibiu recoñecementos nacionais e internacionais, expúxose en diferentes países.

3. A OBRA

Descritor

A casa de había unha vez ofrece unha lectura en clave poética dos contos tradicionais e clásicos, xa que nela se reescriben as historias de Carrapuchiña, a Ratiña Presumida, Aladín e outros personaxes que integran o imaxinario contístico das primeiras idades. As súas composicións son debedoras do cancionero infantil, do que se extraen modelos poéticos que se actualizan, e da vontade creativa da propia autora. Ao longo do poemario alternan as estrofas breves con outras máis extensas, nas que sobresaen uns versos de intensa sonoridade e confeccionados a partir de recursos e estratexias aparentemente sinxelos, pero que desembocan no deseño de imaxes de gran poder suxestivo e de escenas ben atractivas. Nesta “casa dos contos”, cun chamador de “había unha vez”, albérganse, pois, vinte e oito poemas, nos que se conxugan as versións máis coñecidas das historias de sempre con aquelas máis transgresoras, aínda que mantendo de xeito continuo o risco tenro, alegre e, por veces, triste e crítico, co que foi trazada esta casa-poemario.

Temas

Os contos tradicionais e clásicos / Animación á lectura e á creación / O antibelicismo e a educación para a paz / O medo / A vaidade / A amizade e a bondade / O convencionalismo / A sinceridade / A defensa do medio rural / A valentía / O dereito a decidir / A maldade e a ruindade / O malgasto / Os prexuízos e o diferencialismo.



4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras da autora

Outras creacións poéticas de Ana María Fernández dirixidas a un lector de tres a oito anos son: ***Pola rúa dos versos*** (Edelvives, 1990) e ***Oliña de azucre*** (Edelvives, 1995), ilustradas por Adriana Exeni, nas que, desde unha ollada anovadora da lírica popular, o xogo e a subversión, unha voz poética afagadora explora o medio natural, recupera personaxes da mitoloxía galega e dos contos da tradición e alude a outros elementos propios do universo infantil. A ese tramo de idade tamén se dirixiu Ana María Fernández con moitas narracións, entre as que cómpre citar ***O Carabicolé*** (Xerais, 1997), ***A longa viaxe de Carambeliña Polar*** (Alfaguara/Obradoiro, 1998), ***Contos da selva de Longorongón*** (Bruño, 1998), ***Contos con sombreiro*** (Planeta&Oxford, 2005) e ***Marta ten a solución*** (El País/Galaxia, 2007). Xunto a Xoán Babarro deu a lume ***Os xigantes de nunca acabar*** (SM, 1999), ***As bruxas esbrúxulas*** (Casals, 1999) e ***Gurgullíña sabe portarse ben*** (Everest, 2005).

2. Recensións e referencias

Agrelo Costas, Eulalia (2010), “Ana María Fernández. Un dos piares da conformación do sistema literario infantil e xuvenil galego”, *Malasartes. (Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude)*, n.º 19 (II Série), “Perfil”, maio, pp. 11-17.

Blanco Rivas, M. (2001), “A casa de había unha vez”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 208, 12 maio, p. 2.

Cabaleiro, Alexandra (2002), “A poesía infantil galega na década dos noventa”, *Fadamorgana*, n.º 8, “Poesía sen idade”, pp. 47-55.

Ferreira, M^a del Carmen (2011), “O 'uso lúdico' dos contos de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil Galega do século XXI”, *Malasartes. (Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude)*, n.ºs 21-22 (II Série), “Estudos”, novembro, pp. 38-44.

Neira Cruz, X. A. (2002), “Ana María Fernández. A aposta pola poesía sen idade”, *Fadamorgana*, n.º 8, “Entrevista”, pp. 22-24.

Romero Triñanes, Mario (2002), “A traxectoria poética de Ana María Fernández”, *Fadamorgana*, n.º 8, pp. 25-28.

PROPOSTAS DE TRABAJO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

A descuberta dun universo poético

Unha obra poética pode ser máis comprensible, atractiva e valorada se, previamente, se efectúa unha **presentación dos autores**, que permita coñecer a súa traxectoria literaria ou ilustrativa e as características principais da súa creación. Polo dito, propónse:

- **Ler uns poemas** de Ana María Fernández e **amosar unhas ilustracións** de Enjamio, ademais de referir os datos máis importantes da súa biografía e do seu labor creativo, que poden acompañarse coa visualización de imaxes súas e das súas obras a través dun canón e coa busca doutros dos seus libros na biblioteca para que se teña un primeiro contacto físico con eles.

- **Mostrar dun xeito diferencial** *A casa de había unha vez*.

- **Animar á participación neste proxecto poético** coa lectura do texto inaugural, “A casa dos contos”, no que se convida a cruzar a súa porta e descubrir un mundo fascinante.

A lectura en voz alta

Ademais do anotado no apartado introdutorio desta guía, pódense realizar as seguintes actividades conducentes á mellora da práctica lectora:

- **Da lectura individual á lectura colectiva.** Despois de que o mediador e os participantes lean varios textos e despois de percibir as particularidades da lectura poética, xa poden comezar a ler sós. A continuación, pasarase á lectura dialogada con textos como “Cincenta da fita mourada” e á colectiva con “Había unha vez dous ratos ratiños”, o que esixirá que se escoiten, vaian ao unísono, termen do ritmo e adecúen a entoación ás súas intervencións.

- **Ler a diferentes velocidades, rindo, chorando, cantando, facendo xestos...** algúns dos poemas para que se divirtan e experimenten a súa adaptación a diferentes funcións e situacións, así como para que se desinhiban ante o grupo.

Que outras palabras riman con...

Co obxectivo de que afonden na dimensión sonora da poesía, recoméndase:

- **Manipular as palabras** esgazándoas, cambiando a orde das sílabas, mudando as vogais... para que se decaten dos efectos sonoros que orixinan estas accións.
- **Sinalar os sons que se repiten ao final de cada verso** coa mesma cor para que reparen na súa importancia na consecución da rima.
- **Facer rimar un poema.** O mediador tomará un poema (“A princesiña do tupé”), lerao en voz alta e de forma pausada para que se escoite con claridade o remate dos seus versos. Repetirá a súa lectura, mais deixará de dicir a última palabra de cada verso, que deben recordar os oíntes. Tamén pode coller un poema que lles resulte doado para que eles propoñan un final, tentando manter o ritmo da composición (“Aladín non ten patín”).

...Para xogar, crear e contaxiar

Unha vez había unha casa

Seguindo as reflexións introdutorias, débese recordar que a poesía non pode ficar illada nas páxinas do libro, senón que é importante que flúa por todos os recunchos e os lectores se contaxien das súas múltiples sensacións, a través da posta en práctica de estratexias manuais e visuais como as que se detallan:

- **Elaborar unha serie de carteis** con imaxes e breves notas sobre a biografía e obra de Ana María Fernández e Enjamio que se exporán en lugares ben visibles.
- Reservar outros espazos (un andel, un cofre) para **acoller obras destes dous autores** co propósito de que as visualicen,

toquen e lean e se recorra a elas con facilidade para cando, por exemplo, estean facendo algunha outra tarefa en silencio, acompañalos coa lectura en voz alta de poemas.

- **Realizar unha gran casa de papel** que se pegará nunha parede e representará “A casa de había unha vez”, na que se irán pegando textos deste e outros poemarios de Ana María Fernández copiados e ilustrados polos participantes, ademais doutros elaborados por eles mesmos.
- **Deseñar un caderno poético**, no que se recollan parte das actividades resultantes desta proposta de traballo.

Comezar a crear

Máis alá da capacidade natural de cada un para expresarse, o labor creativo require dunha formación previa, que ten o seu comezo na lectura de todo tipo de poemas para familiarizarse coa súa linguaxe e permitir que conquiste os sentidos. O seguinte paso céntrase en comprender o contido do poema para logo ir descubrindo os recursos que integran o código poético e comezar a crear desde un maior coñecemento. Polo dito, propónse:

- **Recompoñer un poema.** Co propósito de que se perciba que os textos poéticos poden seguir un fío condutor e intensifican o seu poder de sedución co decorrer da lectura, entregárase un poema coas estrofas desordenadas para recortar e recolocar atendendo ao sentido e ritmo. Aconséllase o emprego dos contos en verso, pois a estrutura clásica de “presentación – nó – desenlace” (“Había unha vez dous ratos ratiños”) facilita a orientación, así como daqueles que se asentán no recurso da numeración que determina aínda máis a disposición do texto (“Bailaban a polca os sete ananiños”).

O recurso da numeración tamén pode ser aproveitado para refacer un poema como “Imos inventar un conto”, no que a orde numérica ascendente se mudará pola descendente.

- **Poñer un “chamador” a cada poema.** Os poemas de *A casa de había unha vez* non teñen título, polo que se pode principiar o exercicio creativo convidándoos a que lles asignen suxestivas designacións.
- **Identificar recursos e poetizar.** Se a poesía soa e se sente diferente é porque as palabras do común se combinan dun xeito especial na procura dun ritmo e beleza alcanzados mediante uns recursos que han comezar a descubrir e ensaiar. Entre eles, salientan:

■ *As repeticións de letras, palabras e estruturas*, que contribúen a intensificar as sensacións, contidos e significacións do poema.

- En “O xastre, que era valente” abundan os sons correspondentes ás letras “s” e “x” imitando o ruído molesto das moscas coprotagonistas:
O **xastre**, que era valente,
enfadou**se** de repente
e matou dunha patada,
sete moscas **descaradas**.

Esta exemplificación serviralles para buscar os sons que se reiteren noutros poemas e tentar recoñecer a súa función coa axuda do mediador.

- En “Son mago” úsanse palabras que proceden da mesma raíz coas que se reforza o poder dese artista:

Son **mag**o
moi **mag**o,
tan **requetemag**o,
que por iso
fago,
trasfego
e **desfag**o
e nunca me **afag**o
a nada perder.

Este mesmo procedemento lingüístico poden aplicalo noutra composición.

- En “A bruxa”, a repetición dunha mesma palabra provoca un efecto de simetría rítmica de gran valor poético:

A bruxa,
ten ollos de bruxa,
ten traxe de bruxa
e, de compañeira,
ten unha curuxa...

Continuarase coa descrición da bruxa Feluxa reiterando esa mesma palabra.

- En “A linda serea” a repetición de construcións similares posibilita unha organización equilibrada da estrutura do texto. Así, este ser fantástico ansía:

buscar un amigo
ou unha morea,
baixar polas rúas,
subir á azotea,
deitarme no chan.

Ampliarase o texto imitando este exemplo e buscaranse novas construcións paralelísticas noutras composicións.

■ *As semellanzas e desemeallanzas*, conseguidas a través da comparación con imaxes, aumentan a expresividade e plasticidade do poema e provocan un efecto de sorpresa.

- En “O ratiño fraco”, para reflectir o temor que este animalíño lle ten ao gato, dise

ve que chega un gato,
tal como un lobato...

Para establecer semellanzas entre os seres e os obxectos e amplificar a súa visión do mundo, asociaranse personaxes dos diferentes poemas mediante fórmulas comparativas. Así: o mago requetemago é tan bo como a fada que está encantada.

- En “¿Batallas?... de flores” sobresaen as imaxes conseguidas pola contraposición:

¿Batallas?... de flores.
¿Fusís?... de papel.
¿Canóns?... de mentira.
¿Pantasma?... sen pés.

Engadiranse novas imaxes a este poema antibélico.

■ *A enumeración*, que destaca pola súa eficacia expositiva, descritiva e argumentativa, é moi recorrente en “Era un conto coma todos”, no que se fai unha longa relación dos elementos que se atopan nese “conto de papel”:

Cunha casa,
unha guitarra,
un soldado,
dous ou tres...

Prolongarase a sucesión de elementos que conforman ese conto “moi bonito”.

Xa se pode ser poeta

Despois desta preparación mínima, xa se pode comezar a poetizar, polo que as seguintes actividades están pensadas para que se desenvolva a imaxinación, sensibilidade e a diversión a través da creación.

- **Coller o primeiro verso** do poema “Aladín non ten patín” e a partir del **crear un pareado**:

Aladín non ten patín
pero si ten un xasmín

Este pareado pode medrar e formar **unha estrofa de tres versos**:

Aladín non ten patín
pero si ten un xasmín
que encontrou no seu botín.

Para darlle maior variedade á rima, introducíranse **versos con diferentes terminacións**:

Aladín non ten patín
nin un reloxo con hora
pero si ten un xasmín
e unha alfombra voadora.

- **Seleccionar entre catro e seis palabras dun poema**, a partir das cales crear un verso e de aí unha estrofa, que pode ter continuidade noutras máis. Así do poema “A fada, que está encantada” rescátanse catro palabras fáciles de combinar pola súa rima: fada, encantada, regalo e cabalo. Un modelo de estrofa resultante é:

Este é o conto dunha fada
que vivía nunha fraga encantada
e me deu como regalo
un bico e un cabalo.

- **Combinar a creación coa memorización**. Do poema “O dragón”, cada día memorizarase unha das súas estrofas, converténdose o seu recitado no contrasinal para recibir unha recompensa. Ao rematalas, elaboráranse e recítaranse outras.

- **Transformar a poesía noutros xéneros ou modalidades literarias** para iniciarse na identificación das súas particularidades (voz narrativa, diálogos...), polo que se converterán nun texto narrativo ou dramático aqueles poemas máis acaídos.

...Para dialogar con outras artes

Neste poemario tamén se dá unha aproximación a outras manifestacións artísticas que amplíen a formación do lectorado e estimulen a súa capacidade creativa e imaxinativa. Desde *A casa de había unha vez* pódese:

Ilustrar



A ilustración supón a outra narración da literatura para os máis novos por sintetizar, complementar e incluso ofrecer unha liña argumental alternativa á desenvolvida no texto. Para explorar na relación entre texto e ilustración, descubrir a poesía visual e estimular as súas potencialidades plásticas súxírese:

- Aproximarse á **significación das imaxes** a partir das ilustracións de Enjamio para *A casa de había unha vez*, que plasman o motivo central do poema combinando liñas rectas e redondeadas ben pechadas, que se reenchen coa gama de cores ocres e xogan coas sombras e volumes.
- Realizar, en grupo ou individualmente, unha **proposta gráfica alternativa** á de Enjamio para abstraer o elemento que se considere central do poema e se faga unha interpretación persoal, para se converteren nos primeiros ilustradores dos poemas que carecen de acompañamento icónico. O mediador escollerá algún dos debuxos para relacionalos cos poemas xa pendurados na casa-mural.
- Facer **pictogramas** mediante a substitución de palabras por debuxos, ou mesmo un **caligrama**, adaptando as palabras á forma do debuxo do asunto ou personaxe sobre o que versa o poema, para crear unha fermosa imaxe.

Musicar



A poesía tamén establece unha estreita relación coa música, que intensifica aínda máis a súa sonoridade. Súxírese **introducir instrumentos musicais** (xilófono, frauta...) en poemas como “Nunha fonte fonte”, no que o verso “o do re mi fa” se substituirá polo son dos instrumentos e incluso se repetirá noutras partes da composición. Pódese tentar buscarlles unha melodía a outros textos.

Dramatizar



A versatilidade da poesía leva tamén a que cos seus versos se recreen escenas idóneas para a **dramatización** moi aconsellable para a educación da expresión verbal e corporal. Os poemas “A rata do lindo bigote” e “Un parruliño”, se se adapta e amplía o seu texto, son propicios para facer unha pequena representación teatral, na que o grupo pode colaborar no deseño do escenario. A súa posta en escena será aberta, gravarase e subirase a un espazo virtual accesible para unha maior difusión.

...Para xogar, crear e contaxiar

Algúns dos poemas de *A casa de había unha vez* son unha reinvenção de creacións do cancionero infantil, coas que os máis pequenos son alumiñados, adquiren coñecementos e se integran na sociedade. Así, “¿Que será será” fai recordar as adiviñas; “Fermosas roseiras”, os arrollos; “Matarile-rile, matarilerón”, as cancións de xogo, e “Son mago”, os trabalinguas. Para saber máis da rica literatura de transmisión oral, recoméndase:

- **Recoller composicións da transmisión oral** que xa se coñezan, así como as achegadas por pais e avós nunha especie de cancionero que se pode ilustrar.
- **Xogar** ás adiviñas, á roda, a recitar trabalinguas... cos que divertirse e mellorar as relacións cos demais.




...Para pensar

Malia o ton xeral de *A casa de había unha vez* ser xovial, nalgún dos poemas fíltranse certas mensaxes, pois este poemario ten un “chamador” para acceder ao mundo dos contos, así como para penetrar nas consciencias do lectorado. Coa axuda do mediador e o apoio doutros materiais (narracións, imaxes, cancións...), abordaranse temáticas que animen á **reflexión** e ao fomento de valores positivos e a reprobación daqueles considerados negativos:



- A riqueza e fomento da lectura: “A casa dos contos”, “Era un conto coma todos” e “Había unha vez dous ratos ratiños”.

- 
- Animación á creación: “Imos inventar un conto”.
 - O antibelicismo e educación para a paz: “Ó soldadiño de chumbo” e “¿Batallas?... de flores”.
 - A amizade e solidariedade: “O dragón”.
 - O convencionalismo: “A princesiña do tupé”.
 - O medo: “Ese lobo malo” e “Matarile-rile, matarile-rón”.
 - A sinceridade: “¡Mirade, alegres vasalos!”.
 - A bondade: “Son mago”, “A fada, que está encantada” e “Cincenta da fita mourada”.
 - A defensa do medio rural: “O ratiño fraco”.
 - A valentía: “O xastre, que era valente”.
 - O dereito a decidir: “Non quero ser príncipe” e “A linda serea”.
 - A maldade e ruindade: “Fagámo-la rolda”.
 - O malgasto e o dispendio: “Había un barco pirata”.
 - Os prexuízos e o diferencialismo: “Un parruliño”.

...Para emocionar

Ademais de provocar pracer, emoción ou divertimento, a poesía é **un medio de liberación interior e un refuxio no que gozarse**. Resulta, xa que logo, de interese aproximar á linguaxe poética para estimular os sentidos, deixar aflorar os sentimentos e suplir as carencias afectivas que moitos lectores poidan ter, afondando en cuestións íntimas que os levarán a realizar un valioso exercicio de introspección persoal e de descuberta do outro:

- En “Ó soldadiño de chumbo” son múltiples as desgrazas que sacoden a este boneco, ao que lle doe o pé, perde o control do seu barco e acaba na barriga dun ollomol. Trátase dun texto que pode alentar a que se relaten sucesos que adoitan magoar.
- En “Ese lobo malo” e “Matarile-rile, matarile-rón” exprésase liricamente o temor que tanto Carrapuchiña coma os cabritiños lle teñen ao lobo, un ser que integra

ese catálogo do terror infantil. Estas dúas composicións son magníficas para falar dos medos primeiros e de como se poden superar.

- En “A fada, que está encantada”, este ser fantástico pregúntalle á nena boa que desexa de regalo, unha situación moitas veces imaxinada pola nenez e que servirá para expresar os desexos máis íntimos nunhas tarxetas. O mediador lerá algunhas en voz alta para que se descubra quen formulou os desexos.
- En “Non quero ser príncipe” ou “A linda serea”, estes dous personaxes repudian a súa condición e queren vivir ao seu antollo, o que pode ser o punto de arranque para referirse ao que se quere facer, como comportarse, que vestir...

...Para aprender máis

As orixes

A poesía é un vreiro cara a novas experiencias e coñecementos que, en *A casa de había unha vez*, se arremuíñan ao redor dos contos. Para que se adquiran, recoméndase:

- Sinalar cal é **o conto do que parte cada poema**, establecer as diferenzas fundamentais entre conto e poema e procurar información sobre os seus compiladores (internet, dicionarios, manuais...), en caso de estaren identificados.

- **Afondar nos personaxes** buscando información en fontes documentais como son o *Diccionario de seres míticos galegos* (Edicións Xerais, 1999), de Xoán R. Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa ou o espazo electrónico www.galiciaencantada.com, que foi concibido como unha “Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia” baixo a coordinación do mesmo Reigosa. A información que se atope nestas referencias será a base para facer unha ficha cos contidos fundamentais sobre eses personaxes e poder definilos de modo poético.

A voltas con outras lecturas

Outras **novas lecturas** chegarán a partir de “Había unha vez dous ratos ratiños...” no que estes pequenos animais buscan quen lles lea un conto e acaba sendo o avó quen os deleite cun relato de “sabor de xeador”. Cada un dos participantes presentará o seu libro predilecto e fará un convite á súa lectura.


Péchase a porta

Para pechar a porta de *A casa de había unha vez*, suxírese:

- **Convidar os seus autores** para que os poidan coñecer, así como para que estes vexan os traballos resultantes. De todo isto darase cumprida información no blogue de biblioteca ou centro e nos medios de comunicación máis próximos.
- **Elaborar a modo de síntese unha memoria interactiva** que recolla os feitos máis relevantes que aconteceron ao longo do desenvolvemento desta proposta de traballo. O primeiro verso de “Imos inventar un conto” é o inicio perfecto e o final pode constituílo calquera das fórmulas tradicionai peche, como é a de “E colorín, colorado, este conto está rematado, e quen non levante o cu quédalle pegado”.
- **Avaliar** en conxunto o proceso e resultado de todo o traballo efectuado.



3. *Coplas*, de Antonio García Teijeiro



Coplas, Antonio García Teijeiro
Ilustracións de RuAn
Editorial Galaxia, col. Tartaruga, 2008, 36 pp.
ISBN : 978-84-9865-102-7

PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO

Coplas é unha obra publicada por primeira vez no ano 1988, momento no que saen do prelo outros dous poemarios de Antonio García Teijeiro, *Nenos* e *Aloumiños*, e que constitúen as primeiras obras do autor para o lectorado de curta idade. Os anos 80 e 90 supoñen a época de conformación do sistema literario infantil e xuvenil galego, que se viu favorecido polos cambios que promove a Constitución aprobada en 1978, o Estatuto de Autonomía en 1981 e a Lei de normalización lingüística en 1983. Estes tres documentos supoñen un avance importante no que se refire ao respecto e a valoración dos elementos identitarios da comunidade autónoma como a lingua propia, e provocan modificacións no sistema educativo que fan necesaria a creación de materiais que acompañen o ensino do galego. Así, moitos autores de literatura infantil e xuvenil, como Antonio García Teijeiro, foron precisamente mestres que detectaron a necesidade de obras para levar ás aulas. É tamén unha etapa na que xorden varios movementos de renovación pedagóxica nos que con frecuencia se implican os autores-mestres máis relevantes.

2. O AUTOR/ O ILUSTRADOR


Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) é un autor considerado clásico contemporáneo da literatura infantil e xuvenil, por iso debe ser coñecido e recoñecido pola infancia galega. Gañador do Premio Merlín en 1996 por *Na fogueira dos versos* (1996), que foi incluído na Lista de Honra do IBBY en 1997 e galardoado co Premio Pier Paolo Vergerio 1998, asinou dúcias de poemarios para nenos de distintas idades, entre os que sobresaen títulos como *Lueiro de Papel* (1995), *Caderno de fume* (1999), *Chove nos versos* (2004) ou *Cacarabín cacarabón* (2004). Mestre de profesión, García Teijeiro destaca tamén pola súa intensa actividade a prol da introdución e o tratamento da poesía na escola, tanto de xeito teórico -en artigos e libros sobre a cuestión- coma en charlas e obradoiros para docentes, que vén impartindo desde os anos 90. *A poesía*



necesaria (Galaxia, 2009) é un estudo dirixido a mestres e outros mediadores no que aborda distintos aspectos sobre o tratamento da poesía na aula, achega argumentos sobre os beneficios que este xénero pode ofrecer aos máis novos, desde o punto de vista competencial, e formula algunha proposta concreta de intervención.



RuAn, amálgama formada por Rubén Pérez (Terrasa, 1977) e Antón Romero (Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa, 1970), catalán e galego, son os ilustradores da obra seleccionada. Asinaron tamén conxuntamente outras obras da colección “Tartaruga” na súa renovación, que inclúen algún volume máis de Antonio García Teijeiro como *Aloumiños* (2008) e outros títulos como *Arrollos* (2008), de Palmira G. Boullosa; ou *Por se che pasa* (2008), de David Otero Fernández.



3. A OBRA

Descritor

Coplas reúne un conxunto de vinte e sete pequenos poemas dunha soa estrofa escritos baixo a forma popular da copla (catro versos octosilábicos con rima asonante nos pares), ao xeito das composicións tradicionais e do folclore. Os textos achegan imaxes poéticas que procuran a beleza das cousas sinxelas e do marabilloso dentro do cotián, onde os elementos tratados son personificados (as estrelas, o solpor, a lúa, o arco da vella...), nun exercicio de indagación na poesía que se agocha na contorna próxima do lector potencial ao que se dirixe e que parte da súa experiencia e interacción cos obxectos que recoñece.

Adopta, ademais, unha perspectiva de reivindicación do mundo infantil, que se presenta inxenuo e espontáneo, mais tamén honesto e desinteresado, en contraposición a un mundo de adultos hipócrita, que é causante das inxustizas e desigualdades que se denuncian.

Temas

Imaxes poéticas / Ecoloxismo / Denuncia do materialismo / Denuncia das desigualdades sociais / Inxustiza / Desenvolvemento da empatía.



4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras do autor

Outras creacións de Antonio García Teijeiro destinadas a esta mesma franxa de idade son **Aloumiños** (Galaxia, 1988; 2008), **Nenos** (Galaxia, 1988) e **Ventos** (Xerais, 1992).

É tamén autor do álbum ilustrado **Honorato, o rato namorado** (Xerais, 2007) interesante proposta que dialoga con *Frederik*, de Leo Lionni, e protagonizada por un rato afeccionado á poesía, a partir da que se poden formular preguntas para aproximar a infancia ao xénero (Que é un poeta? Que fan os poetas?) e incitar a súa curiosidade pola poesía e as súas características singulares.

A poesía necesaria: lectura e creación poética dentro da aula (Galaxia, 2009) é unha obra de consulta de García Teijeiro na que formula propostas concretas para introducir a poesía na aula.

2. Recensións e referencias

Bibliografía

- Ambroi, D.** (1999), "Na fogueira da vida: Antonio García Teijeiro", *Fadamorgana*, n.º 1, pp.18-21.
- Cabaleiro, A.** (1999), "A reivindicación constante da poesía. Achega á obra poética de Antonio García Teijeiro", *Fadamorgana*, n.º 1, pp. 22-26.
- García Teijeiro, Antonio** (1999), "Cando o autor fala de si", en *Caderno de fume*, Vigo: Xerais.
- (2000), "Levar a poesía ás aulas: un proxecto global", *Fadamorgana*, n.º 4, pp. 47-52.
- Roig Rechou, Blanca Ana** (2008), "Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952)", en *A Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Madrid/Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- (2009), “Antonio García Teijeiro: un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil galega”, *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infancia e a juventude)*, n.º 17 (II série), “Perfil”, Porto Editora.

Webgrafía

"Versos e Aloumiños", bitácora do autor: www.garciateijeiro.blogspot.com
Sección do autor na páxina da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG): www.aelg.org (escribir "Antonio García Teijeiro" no espazo "Procurar socio")

Requeixo, A. (2013), "Parlamento das letras: Antonio García Teijeiro", *Criticalia*, <http://armandorequeixo.blogaliza.org/2012/11/15/parlamento-das-letras-antonio-garcia-teijeiro/>

PROPOSTAS DE TRABAJO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

A lectura en voz alta

Para a **lectura en voz alta** como iniciación á obra seleccionada pódese partir das recomendacións descritas na introdución, seleccionando algúns textos concretos da obra que se adapten aos intereses da nenez. Recoméndase comezar por aqueles poemas que incitan á reflexión, como "Amanece nesta fraga", ou á emoción, como é o caso de "Choraba un meniño".


Na procura de rimas

Comezar con palabras dos propios poemas nas que é sinxelo **procurar novas rimas**, como por exemplo as que levan o sufixo -iño ou -iña, como anduriña, ás que se poden engadir formas en diminutivo como "casiña", "barquiña", "floriña"... Posteriormente, pódense buscar formas verbais, seguinte nivel de complexidade, porque tamén resulta sinxelo procurar rimas dentro delas. En ambos os casos coincide un paradigma morfolóxico concreto cunha repetición sonora: "cantan", "bailan", "saltan", "andan", "aman"...

...Para xogar, crear e contaxiar

Árbore de poesía

A brevidade dos poemas de *Coplas* permiten dar inicio a unha actividade que poderá completarse posteriormente con outras lecturas poéticas. Trátase da **confección dun mural** na parede no que se debuxa ou se pega a estrutura dunha árbore sen follas, á que engadir textos de curta extensión sobre as súas



pólas a modo de follaxe. Esta actividade ten un obxectivo dobre. O primeiro é crear un espazo onde visibilizar a poesía dentro do ámbito de traballo, que acompañe o acontecer diario e que permita ter presentes diferentes textos para conservalos. O segundo obxectivo consiste no que implica a propia selección dos textos: reflexionar sobre aquelas composicións que son as favoritas, as razóns que conducen a incluílas na árbore (a beleza estética, o seu significado ou a importancia que teñen para os mediadores as ideas transmitidas), coa vontade de aprender a argumentar sobre os valores literarios dos textos no camiño de desenvolver o criterio literario e a apreciación polos textos poéticos. Ao final do curso pode plasmarse nunha **antoloxía de textos** poéticos en forma de libro ou caderno que cada neno poida conservar.

De que é a lúa?


As imaxes poéticas como condensación de significados que xorden da mestura de conceptos forman parte dos recursos máis especificamente poéticos e poden traballarse mediante o xogo.

Partindo da imaxe "a lúa de metal" pode resultar de interese tratar de **procurar respostas alternativas** á pregunta "De que pode ser a lúa?" ou "De que poden ser as nubes?" e mesmo "De que poden ser os bicos?".

Como iniciación pódese facer fincapé na **mestura de elementos sensoriais** ("A que sabe?", "A que ole?" ou "Como é o seu tacto?") para provocar unha ruptura na lóxica dos significados habituais. A mestura de sentidos dá lugar á creación de imaxes poéticas inesperadas de xeito casual, que poden interpretarse posteriormente tamén por medio da ilustración, propoñéndolles aos lectores que traten de facer un debuxo que a exprese, ou un pequeno conto que a explique.

A resposta a estas preguntas pode plasmarse na **ampliación do poema** por medio dunha creación colectiva que inclúa as propostas de todos os nenos.

O meu neno canta e canta
e non deixa de cantar.
Os paxaros fanlle coro
baixo a lúa de metal,
baixo a lúa de **crystal**
baixo a lúa de **area**
baixo a lúa de **fume**



A enumeración

A enumeración de elementos e a xustaposición son tamén recursos frecuentes na poesía, empregados con abundancia ao longo deste poemario.

A partir dos versos

Aquela casa de pedra
habitana as andoriñas.
Alí comen, beben, bailan;
alí voan, choran, pían

é posible facer fincapé na identificación de **estruturas sintácticas repetitivas** e na capacidade de **xerar paradigmas lingüísticos** a partir de ideas concretas.

A repetición dunha estrutura de enumeración é un exemplo de paradigma. É interesante formular unha proposta, en forma de pregunta, como "Que pasaría se naquela casa de pedra habitasen os libros?" ou "Que farían os libros na súa casa?". Foméntase con esta proposta o desenvolvemento da **riqueza léxica e da destreza para seleccionar** palabras e conceptos axeitados e discriminalos entre varias opcións posibles.

...Para dialogar con outras artes

Ilustrar

Coplas inclúe unha proposta de ilustración da autoría de RuAn, que diseña unha pequena imaxe para cada poema na que reproduce a escena referida no apartado textual ou unha parte da mesma. O número de poemas que presenta o libro (vinte e sete) pode permitir un traballo que consista en **repensar esta proposta de ilustración e deseñar outra alternativa**, ben formulando un plan colectivo unitario, ben atribuíndo a cada un dos nenos a responsabilidade de ilustrar un dos poemas para elaborar unha produción grupal como resultado.



Esta actividade ten como cerne o traballo con aspectos de relevancia, como a discriminación entre a información relevante e a accesoria, a capacidade de síntese, a interpretación interartística e a formulación dos temas clave dos textos.

...Para pensar

O volume *Coplas* presenta un **tratamento de temas** que contribúen ao desenvolvemento da **competencia emocional** e da **competencia social e cidadá** entre os máis pequenos.

É de interese elaborar unha **reflexión** sobre estas temáticas, dirixida polo mediador a partir do texto poético, entendendo que a literatura en xeral e a poesía en particular son tamén vehículos para expresar **ideas sobre o mundo** que rodea o neno e a nena.

Así, os poemas que seguen ofrecen expresións ideolóxicas do seu autor que contribúen a resaltar **valores positivos de cidadanía e responsabilidade social** que non se deben pasar por alto, na medida en que forman parte do que o poema trata de comunicar:

- “Chora unha nube tristeira” a contaminación, o ecoloxismo e a preservación da contorna.
- “Fala baixo meu rapaz”: o traballo, as responsabilidades, a empatía e as desigualdades sociais.
- “Alborece nesta fraga”: a pobreza, a empatía, a fame e o desigual reparto da riqueza.
- “Á miña porta chegou”: os prexuízos e os preconceitos.
- “O tesouro dos rapaces”: a importancia do material, o valor do que nos rodea e o que nos importa e o que non.

...Para emocionar

A compoñente emocional da poesía constitúe unha parte moi importante da formación do lector neste xénero e é posible tratar aquí esta cuestión especialmente nos poemas que seguen, procurando sempre a participación do lector na construción de significados, xa que unha das características do texto literario é precisamente o proceso partillado entre o lector e o autor na creación de sentidos.

No texto "Choraba un meniño" preséntase unha situación de dor ou tristura por unha causa que se descoñece. Esta escena resulta facilmente identificable polo lectorado a quen vai dirixido, e é de interese formular preguntas que permitan propoñer **hipóteses propias** ao respecto, por exemplo "Por que se pensa que choraba o meniño?", "Cal pode ser a causa?" ou "En que tipo de situacións se chora?".

En "Un papaventos voaba" trátase o tema do amor a partir da relación entre unha pomba e un papaventos. Unha actividade de interese sería a **creación individual ou grupal da historia de amor** da pomba e o papaventos (como se coñecen, que lles ocorre, como pode rematar esta relación...).

En "Chuviscaba no recuncho" aparece de maneira simbólica o **tema da morte**. Resulta este texto unha oportunidade para reflexionar sobre esta temática, de tratamento complexo a idades temperás, xa que afonda nun concepto tabú e esquecido en moitas ocasións que non debe apartarse da nenez na medida en que forma parte da experiencia humana.


...Para aprender máis

En "Xogando á corda co vento" o autor fai unha **mención ao poeta Celso Emilio Ferreiro** de quen recolle o seu nome:

Xogando á corda co vento
andaban as andoriñas.
Celso Emilio, agarimoso
nuns versos dáballes vida.

Esta referencia pode aproveitarse para facer unha **pequena indagación** sobre quen é este autor e a que versos se refire, tarefa para a que se pode acudir a publicacións adaptadas como *O meu pequeno Celso Emilio* (Xerais, 2012), de Xiana e Xosé Lastra, ou *Os nosos versos* (Anaya, 1997), antoloxía de poesía galega seleccionada para o público infantil por Antonio García Teijeiro.

4. *Rata linda de Compostela*, de Bernardino Graña



Ilustracións de Manolo Uhía
Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante),
n.º 57, 2009 (2ª ed.), 42 pp.
ISBN: 978-84-9782-956-4i


I

PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO

Rata linda de Compostela é un conto en verso que se publicou no ano 1994 cando a literatura infantil e xuvenil galega estaba a se conformar, grazas aos apoios institucionais e aos cambios no sistema educativo, provocando a creación de materiais para o ensino en galego. Así, moitos mestres que percibiron a necesidade de obras para levar ás aulas, ademais de implicarse en movementos de renovación pedagóxica, animáronse a escribir e convertéronse en autores de literatura infantil e xuvenil, como foi o caso de Bernardino Graña. Co afán de afianzar e estimular a literatura infantil e xuvenil galega, en 1994 organizouse a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada, na que se instituíu o Premio Rañolas para distinguir a calidade literaria e contribuír á difusión e tradución de obras infantís e xuvenís galegas, que na súa primeira edición distinguiu o volume de relatos de Xabier P. Docampo *Cando petan na porta pola noite* (1994). E tamén nese ano o Premio Edebé recoñeceu *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz, traducida ás restantes linguas oficiais. En canto á produción poética, obsérvase unha forte dependencia da lírica de transmisión oral, ao carón de poemarios máis modernos que abordan novas formas e asuntos ademais de principiarse a modalidade “poesía é conto”, a través de textos en verso que reescriben contos da transmisión oral ou que son froito da creatividade dos escritores.

2. O AUTOR/ O ILUSTRADOR



Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) estudou Filosofía e Letras e foi catedrático de lingua e literatura en secundaria ata a súa xubilación en 1991. Foi membro cofundador do grupo Brais Pinto, fundador e primeiro presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), membro do Consello de Redacción da revista de poesía *Alba* e, desde 2010, académico numerario da Real Academia Galega. Tamén é autor dunha ampla obra que abrangue literatura dramática, narrativa, ensaio e, sobre todo, poesía. Na literatura infantil e xuvenil galega iniciouse en 1969 co conto *O león e o paxaro rebelde* (1969), 1º premio do II Concurso de contos infantís O Facho en 1969, ao que seguiu o Premio Abrente en 1979 pola peza teatral *Os burros*

que comen ouro (nunca cabalos serán) (1992), o Premio Merlín en 1993 con *O gaitero e o Rato Pérez* (1994) e en 2008 o Premio Teatro para Nenos Estornela con *Larpancia saborosa do lobo e a raposa* (2010).

Manolo Uhía (Portonovo, 1944) estudou Belas Artes en Madrid, onde entrou en contacto co mundo da publicidade e iniciouse como ilustrador e deseñador gráfico. É un dos ilustradores galegos máis prolíficos; colabora con numerosas editoriais galegas e foráneas. A finais dos anos noventa apostou pola creación infantil, cos títulos *Pinturiño* (1996) e *O rato que lle puxo o cascabel ó gato* (1998), aos que lles seguiron, a partir do ano 2000, *¡Piratas na buguina!* (2000), *O anel* (2001), *Evaristo, un corvo moi listo* (2002), *O paraestrelas* (2003), *O caracol sen sol* (2005), *O autobús da selva* (2008) e *O monstro das profundidades* (2012).



3. A OBRA

Descritor

Rata linda de Compostela é unha adaptación rimada do conto de tradición oral “A ratiña presumida” que relata a historia dunha Ratiña que vive no Monte do Gozo, lugar simbólico do Camiño de Santiago. Un día atopa un euro e decide mercar un lazo para poñerse máis fermosa. A partir de entón, diferentes pretendentes animais (Can, Burro, Grilo, Gato) propóñenlle matrimonio, mais só o Rato cativará o corazón da Ratiña e xuntos marchan á catedral de Santiago de Compostela. Trátase dunha narración en verso na que se serve da técnica da reescritura, é dicir, colle materia narrativa da transmisión oral e cambia ou modifica elementos argumentais para achegala á realidade social e cultural do lector agardado, mantendo a finalidade didáctica de inculcar certos valores, a semellanza da fabulística.

Temas

Animais / Lúa / Contos da transmisión oral / Camiño de Santiago / Catedral de Santiago / Formas xeométricas / Denuncia do materialismo / Beleza / A mentira

4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras do autor

Bernardino Graña reflicte na maioría da súa produción infantil e xuvenil a débeda coa literatura de transmisión oral que considera próxima ao lectorado máis novo polas súas características específicas.

As súas historias rimadas destinadas a esta mesma franxa de idade botan man de elementos temáticos, estruturais e estilísticos e argumentos da narrativa oral ao tempo que non esquecen a compoñente didáctica e crítica. Pódense traballar diferentes valores, como o respecto polo medio natural, a amizade, a solidariedade, a importancia da lectura, do saber popular ou a dieta saudable. Son elas: ***Oso mimoso*** (Xerais, 1992), ***O lobo e o grilo*** (Sotelo Blanco, 1995), ***O Quirico lambón*** (Xerais, 1997), ***O gaitero e o ratiño*** (Xunta de Galicia, 1999), ***Tres vellas fábulas novas*** (Everest Galicia, 2006); e os contos da colección “Os contos do Bernardino” da editorial A Nosa Terra: ***No castelo de Marbel*** (2009); ***O corvo que andou de pato*** (2010) e ***A raposa cor de mel*** (2010).

En canto ao xénero narrativo, publicou varios contos para primeiros lectores, tamén debedores da oralidade, como son ***O león e o paxaro rebelde*** (Galaxia, 1969; Xerais, 1990), ***Xan Guindán, capitán*** e ***Xan Guindán, pita choca*** (Xerais, 1991).

Contos populares e Rosalía (Real Academia Galega, 2010) é o discurso lido por Bernardino Graña no acto de recepción como académico, no que desenvolve as claves da relación entre a literatura de transmisión oral e a súa produción infantil e xuvenil.

2. Recensións e referencias

Bibliografía

Fernández González, Paula (2007), “Bernardino Graña autor infantil. Un achegamento a *O león e o paxaro rebelde* ou á simboloxía comprometida”, en Héitor Mera (ed.), *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Estudos Literarios, pp. 37-43.

Fernández Lorenzo, Rafael e Héitor **Mera Herbello** (2005), *Conversas con Bernardino Graña*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica.

León Viloría, Esther de (2010), “A obra para os máis novos de Bernardino Graña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de Lectura”, 27 xullo, p. 48.

Navarro, María (2009), “Entusiasmo contaxioso”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 312, “Libros”, 10 decembro, p. VII.

Piñeiro, Alba (2009), “Un estraño tangaraño”, *A Nosa Terra*, n.º 1.374, “Bule Bule”, 24-30 setembro, p. 26.

— (2010), “Conversión animal”, *A Nosa Terra*, n.º 1.408, “Bule Bule”, 27 maio-2 xuño, contracuberta.

Webgrafía

Sección do autor na páxina da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**: www.aelg.org (escribir "Bernardino Graña" no espazo "Procurar socio"): <http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor159>

Biblioteca Virtual Galega: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=BerGra%F1a

Galipedia: http://gl.wikipedia.org/wiki/Bernardino_Gra%C3%B1a

PROPOSTAS DE TRABALLO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

A lectura dramatizada


Como xa se comentou *Rata linda de Compostela* é un conto rimado, cun claro e sinxelo fío narrativo que permite explorar non só o plano da poesía senón tamén o da trama, ao mesturar o poético e o narrativo, e desenvolver actividades que o poñan de manifesto, como:

- **Lectura en voz alta** por parte do mediador, atendendo sobre todo aos cambios na entoación e modulación das voces dos protagonistas e do narrador. É importante aquí a diferenciación das partes narrativas e as partes dialogadas.
- Realizar unha **lectura dramatizada** colectivamente coa participación de todo o grupo ou en pequeno grupo, para o que se reparten entre os nenos os diferentes papeis de narrador e personaxes (Ratiña, Can, Burro, Grilo, Gato e Ratiño).

Xogando coas rimas

Neste texto as rimas máis empregadas son aquelas feitas coas formas dos verbos, debido á importancia que ten a acción no texto narrativo, por iso propónse:

- **Procurar rimas** dentro das formas verbais, xa que se repiten terminacións gramaticais. Isto acontece no caso dos infinitivos –“mercar”, “adornar”, “chegar”, “casar”, “asustar” – ou coas terminacións das persoas nos diferentes tempos verbais, como a terceira persoa dos copretéritos – “marchaba”, “cantaba”...



- **Aproveitar palabras** que aparecen no texto para que os nenos procuren **novas rimas**, como “balcón” (á que se pode engadir “corazón”, “dragón”, “camión”...) ou “diñeiro” (que remata igual que “gandeiro”, “canteiro”, “carniceiro”, “froiteiro”...).

- **Ocultar palabras** de certos pareados para que os nenos, á vez que traballan coa **identificación das rimas**, exerciten a memoria. O mediador lerá o pareado e os participantes terán que **lembrar** a última palabra, por exemplo


Aló, no monte do Gozo
había un pazo cun **pozo**.

...Para xogar, crear e contaxiar


Crear pareados

O pareado, que provén da literatura popular e o cancionero infantil, é unha das estruturas estróficas máis sinxelas. Preténdese que os nenos, tomando como exemplo un dos pareados do relato rimado, traten de **crear os seus propios pareados**, para o que buscarán primeiro dúas palabras que rimen e logo conformarán o resto do pareado, como:

O gato, gordo e redondo,
caeu no pozo ata o fondo.



Imaxinar a lúa



No conto a Ratiña, para desfacerse do gato malvado, identifica o euro co reflexo prateado da lúa dentro do pozo. Esa semellanza será o punto de partida para:

- Buscar elementos da natureza ou obxectos que teñan a mesma forma que a lúa para **identificar formas xeométricas**.
- Procurar respostas alternativas á pregunta "De que pode ser a lúa?", para **crear novas imaxes** poéticas.
- Facer fincapé na **mestura de elementos sensoriais**, a través da imaxinación a que sabe?, a que ole?, como é o seu tacto?, para provocar unha ruptura na lóxica dos significados habituais.

As onomatopeas

A imitación de sons reais é un recurso moi empregado na poesía infantil que achega ritmo e musicalidade e permite traballar a **sonoridade** e a **identificación dos sons**. Neste texto as onomatopeas cumpren unha función primordial na trama narrativa, pois o son característico dos diferentes pretendentes animais é o motivo fundamental do rexeitamento por parte da Ratiña. Pódese:

- Mostrar en cartolinas as imaxes dos diferentes animais protagonistas para que os nenos **imiten o son característico** de cada un deles:

can	GUAU!
gato	MIAU!
burro	IHÁ-IHÁ
grilo	CRI-CRI-CRI

- Crear novas cartolinas doutros animais para ampliar e reforzar a identificación dos sons:

lobo	AUUUU!
ovella	BEEEE!
galiña	CACARACÁ!
vaca	MUUU!

- **Escoitar** nunha gravación sonora os sons emitidos por diferentes animais para que os nenos traten de **identificar o animal** do que provén cada son.

- **Xogar a imitar** o comportamento de diferentes animais para crear o seu animalario particular.

A repetición

O autor, para enfiar a narración, inicia o pareado cunha ou varias palabras do segundo verso do pareado anterior para provocar un efecto de simetría cunha intencionalidade enfática:

E coa peza, que era un lazo,
entrou correndo no pazo.
No pazo foi a un espello
e puxo o lazo no pelo.

Traballárase cos nenos na **elaboración dunha narración propia versificada** segundo ese modelo, como pode ser:

Ao palacio foi buscar
unha princesa para casar.
E a princesa fermosa
atopouse cunha osa.
A osa ao se asustar
non os deixou pasar...


A personificación

Todos os personaxes deste conto rimado son animais que se presentan con actitudes humanas, aínda que non se describen en profundidade, así por exemplo da Ratiña salientase a súa coquetería. Por iso podemos:

- **Imaxinar e describir como é cada un dos personaxes** (o seu carácter, o aspecto físico, os seus gustos, as súas virtudes e defectos etc.).
- **Escoller o personaxe preferido e imitar** o seu comportamento, xestos e fala.
- Darlles vida a elementos da natureza ou a obxectos da vida cotiá e reflectir os seus **pensamentos e sentimentos** ante os comportamentos humanos cara a eles. Por exemplo: “Que sente unha folla cando a cortan?”, “Como se sente un zapato ou unha bóla cando lle pegan unha patada?” etc.


...Para dialogar con outras artes

Ilustrar




Rata linda de Compostela inclúe unha proposta de ilustración coa técnica da acuarela da autoría de Manolo Uhía, que deseña diferentes escenas do narrado no texto, coas que salienta a localización xeográfica e presenta os protagonistas animais con actitudes humanas. Pódese traballar e desenvolver a competencia artística, por medio de:

- Elaborar unha **nova proposta de ilustración** coa repartición das as diferentes escenas do conto en pequenos grupos.


- 
- Escoller cada neno ou nena o seu **personaxe preferido**, debuxalo con roupa e poñerlle un nome.
 - Diseñar un **cómic** do conto, logo de facer un guión no que se distribúan as diferentes viñetas e os diálogos que se van inserir nos globos.

Dramatizar

Este conto en verso, no que se diferencia o narrador-poeta e os personaxes, resulta idóneo para a súa dramatización e o traballo da expresión verbal e corporal, por medio de dúas actividades, que se pode subir a un espazo virtual accesible para unha maior difusión:

- **Teatro.** O mediador pode transformar este texto poético en dramático, conservando os diálogos rimados para facilitar a súa memorización, e organizar a súa representación, logo de repartir os diferentes papeis entre os nenos e engadindo novos personaxes para que todos interveñan. Tamén poden elaborar os diferentes escenarios da narración, o vestiario e caracterización dos personaxes. Despois dos oportunos ensaios, realizarase a súa posta en escena.
 - **Contacontos.** Preparar un contacontos semidramatizado de xeito que o narrador contará a historia e deixará paso aos diferentes personaxes animais que representarán os diálogos coa Ratiña.
- 

...Para pensar



Rata linda de Compostela é unha reescritura dun conto da tradición oral que trata no seu argumento **as falsas aparencias e a beleza física** e que permite **reflexionar** cos nenos e nenas sobre estes temas presentes na actualidade, sobre todo a través dos medios de comunicación audiovisuais nos que se vende un único canon de beleza, e criticáanse os demais tipos físicos que saen dese ideal concreto e homoxéneo. É de interese:

- **Mostrar obras** pictóricas ou fotografías de esculturas de diferentes épocas artísticas nas que se reflictan outros canons de beleza, para posteriormente **provocar un debate** sobre esa cuestión, no que os participantes manifesten as súas ideas sobre a percepción da beleza, do que eles consideran fermoso ou non.

- **Imaxinar** que faría cada neno no caso de que se atopase con moitos cartos: Como actuaría?, que desexo realizaría?, que mercaría?, para traballar o **valor do diñeiro**, xa que a protagonista do conto co euro que atopa merca un lazo para verse máis fermosa.



...Para emocionar

A linguaxe poética, ademais da súa compoñente lúdica, posúe unha compoñente emocional, xa que serve para expresar emocións ao estimular os sentidos, liberar os sentimentos interiores e suplir carencias emocionais e afectivas, polo que se converte nun instrumento moi válido para traballar a **introspección persoal** e a **descuberta do eu**, na pretensión de:



- **Buscar solucións** ao temor da Ratiña aos ruídos nocturnos, motivo recorrente que se manifesta a través da pregunta: “E de noite que farás?”, de maneira que os nenos **verbalicen** os seus medos e como foron capaces de superalos.
- **Expresar** como se sentiron nalgún momento que foron rexeitados, como lles acontece ao Burro, o Grilo, o Can e o Gato.

...Para aprender máis

Á procura de contos da transmisión oral

Aproveitando que *Rata linda de Compostela* é unha versión dun conto da transmisión oral, **recompilarán contos de animais** entre os maiores das familias e despois **elaborarán un libro** cos contos recollidos, que poden ser ilustrados. É interesante consultar o espazo electrónico www.galiciaencantada.com, unha "Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia" coordinada por Antonio Reigosa; o volume publicado por Enrique Harguindey e Maruxa Barrio, *Contos populares galegos: Animais* (Galaxia, 1995); ademais das coleccións “Contos populares” de A Nosa Terra, que acolle textos seleccionados e adaptados polo Colectivo Crisol; e “Cabalo buligán”, de Edicións Xerais de Galicia, coordinada por Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba.



Buscando refráns

O pareado, moi empregado na literatura popular, é a estrutura estrófica desta obra. O caso máis recoñecible é o refrán. Para que non se perda todo este legado da transmisión oral, é interesante que se realice unha actividade de **procura e recollida de refráns**, coa implicación das familias (pais, avós etc.), para despois **elaborar un refraneiro ilustrado** co material recompilado.

As moedas

Se se comparan as dúas edicións desta obra, hai un cambio que pode servir para traballar o tema das **diferentes moedas do mundo**, xa que se substitúe o peso, que aparecía na primeira edición de 1994, polo euro, moeda vixente no momento da publicación da segunda edición en 2009. Investigaranse as moedas que se empregan en diferentes países do mundo (<http://www.monedasdelmundo.org/>) e o seu valor. Pódeselles pedir aos participantes que, se teñen moedas doutros países, as traian.

A catedral de Santiago de Compostela

Ao final do conto, Rato e Ratiña marchan a mirar a catedral de Santiago de Compostela, escusa perfecta para **investigar** este monumento arquitectónico e a súa relación co Camiño de Santiago. Coa información textual e visual atopada (fotos, imaxes, mapas etc.), elaborárase un **mural** no que se sintetice toda esa información. É interesante a consulta da páxina da Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago, (<http://www.caminosantiago.org>) e a da Xunta de Galicia (www.xacobeo.es/gl) así como a de turismo de Santiago de Compostela (<http://www.santiagoturismo.com/camino-de-santiago>). Tamén se pode traballar coa obra *Do A ao Z. O Camiño de Santiago* (Everest Galicia, 2010), de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández; coa antoloxía *A Santiago. Relatos infanto-xuvenís para o Camiño* (Xunta/Elos, 2010) e co volume *Itinerario de lecturas. De camiño a Compostela pola LIX* (Xunta/Elos, 2010), que acolle un corpus de cincuenta e cinco obras de literatura infantil e xuvenil en lingua galega, centrado na temática do Camiño de Santiago.


5. *Eu conto, ti cantas...* de María Victoria Moreno



Eu conto, ti cantas..., María Victoria Moreno
Ilustracións de Manolo Uhía
Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, 2005, 61 pp.
ISBN: 84-9782-358-3


PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO



Eu conto, ti cantas... é unha obra publicada en 2005, ano no que falece a súa autora María Victoria Moreno. Malia saír a lume no século XXI, dous dos tres poemas narrativos que conforman este poemario foron publicados de forma independente nos anos noventa cos títulos *¿Un cachiño de bica?* (SM, 1994) e *¡Xa non teño medo!* (Xunta de Galicia, 1998); a eles engadíuselle “Can branco, can negro”. Así pois, *Eu conto, ti cantas...* comparte trazos dos contextos de publicación de *Rata de linda de Compostela* (1994) e de *A casa de había unha vez* (2001), obras xa presentadas nesta guía. O poemario de María Victoria Moreno, docente comprometida co galego e o seu uso nas aulas que, coma outros, axiña se animou a escribir para os máis novos, é bo exemplo da “poesía é conto” que recorda á lírica de transmisión oral.

2. A AUTORA/ O ILUSTRADOR



María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941- Pontevedra, 2005) foi unha autora que se iniciou na literatura infantil e xuvenil co relato *Mar adiante* (1973) e que, ata o seu pasamento, nunca deixou de apostar por esta produción. Galega de adopción, esta docente, moi comprometida coa renovación pedagóxica, converteu o galego na súa lingua e fixo da literatura infantil e xuvenil o seu estandarte literario, dirixíndose tanto ao lectorado infantil coma ao xuvenil. Malia que a maior parte da súa creación se corresponde co xénero narrativo, no que foi recoñecida cos premios “O Barco de Vapor” e “O Facho”, tamén se achegou ao xénero poético con *¿Un cachiño de bica?* (1994), *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), *¡Xa non teño medo!* (1998) e *Eu conto, ti cantas...* (2005).

Manolo Uhía (Portonovo, 1944) estudou Belas Artes en Madrid, onde entrou en contacto co mundo da publicidade e iniciouse como ilustrador e deseñador gráfico. É un dos ilustradores galegos máis prolíficos; colabora con numerosas editoriais galegas e foráneas. A finais dos anos noventa apostou pola creación infantil, cos títulos *Pinturiño* (1996) e *O rato que lle puxo o cascabel ó gato* (1998), aos que lles seguiron, a partir do ano 2000, *¡Piratas na buguina!* (2000), *O anel* (2001), *Evaristo, un corvo moi listo* (2002), *O paraestrelas* (2003), *O caracol sen sol* (2005), *O autobús da selva* (2008) e *O monstro das profundidades* (2012).



3. A OBRA

Descriptor

Eu conto, ti cantas confórmano, ademais dos poemas narrativos *¿Un cachiño de bica?* (1994) e *¡Xa non teño medo!* (1998), “Can branco, can negro”, que se engade agora para conformar este novo poemario. Todos eles están realizados a partir de estrofas, metros e rimas próximos á lírica popular e teñen como fíos de unión a relación humano-animal (especialmente humano-can) e a defensa e respecto polo medio ambiente. Outros trazos literarios característicos da produción da autora que neles se atopan son a presenza dos conflitos propios da nenez e a reivindicación da imaxinación. Nestas composicións as imaxes poéticas, apoiadas doutras figuras literarias como as personificacións, buscan a beleza do cotián.

Temas

Ecoloxismo / Defensa da natureza / Denuncia do maltrato e abandono animal/ Denuncia das desigualdades / Inxustiza / Desenvolvemento da empatía.

4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras da autora

María Victoria Moreno deu a lume para esta mesma franxa de idade *¿E habrá tirón de orellas?* (Galaxia, 1997), poemario narrativo no que a cadela Alma, ignorada polos nenos e nenas que non queren xogar con ela, pasará a noite triste e soa lonxe do fogar ata que regresará á casa sabedora do tirón de orellas que lle espera por ter pasado a noite fóra; tamén dos textos narrativos *A festa no faiado* (Galaxia/La Galera, 1986; Galaxia, 2007 e Galaxia/El País, 2007), no que se narra como a boneca Uxía e os diferentes animais que a acompañan chegaron a realizar no faió da casa na que viven todos os domingos unha festa, e *O Cataventos* (Sotelo Blanco Edicións, 1989), no que se dá conta de como un galo, que tiña dominadas ás galiñas, se converteu en viraventos. En todos eles, coma en *Eu conto, ti cantas...* os animais e a imaxinación son protagonistas.



2. Recensións e referencias

Bibliografía

- A.S.** (2005), “Últimos versos de M^a Victoria Moreno”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 137, 26 novembro, p. 10.
- Casalderrey**, Fina (2006), “A M^a Victoria Moreno, in memoriam”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 11 febreiro, p. 35.
- Fernández**, Paula (2006), “Contar e cantar”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 154, “Infantil/Xuvenil”, 23 febreiro, p. VII.
- Soto López**, Isabel (1999), “Á beleza polo lirismo e a ternura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*, n.º 3, pp. 17-21.
- Soto López**, Isabel (2000), “Dos extremeños en la literatura gallega: M^a Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo”, en Eloy Martos Núñez, José M^a Corrales Vázquez, Arturo González e Sara Moreno Valcárel (eds.), *Actas II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil: Historia Crítica de la Literatura Infantil e ilustración Ibéricas*, Mérida-Badaxoz: Junta de Extremadura (Consejería de Cultura), col. Documentos/Actas, pp. 257-261.

Webgrafía

Ficha da autora na **Biblioteca Virtual Galega**: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=MarMoren1.

Ficha da autora no “**Álbum de mulleres**” do **Consello da Cultura Galega**: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>.

PROPOSTAS DE TRABALLO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

Ler por parellas

Despois dunha lectura individual (segundo a idade), en voz baixa, da composición elixida, organízanse as persoas que participen na actividade por parellas e asígnaselles un número de versos a cada unha delas. Cada membro do par terá que ler de xeito individual, e novamente en voz baixa, os versos que se lle atribúan, para, a seguir, realizar a **lectura por parellas en voz alta** ata, entre todos os participantes, recitar o poema ao completo.

Exemplo de *¡Xa non teño medo!*

Parella 1

[Lector 1]:

Eu durmo na bufarda
porque son malo,
porque esperto de noite
e porque falo.

[Lector 2]:

Mais mamá dixo
que podía chamala
de ser preciso.

Parella 2

[Lector 3]:

Anque os primeiros días
pasei ben medo
coas sombras, cos ruídos
e co silencio,

[Lector 4]:

souben axiña
que a noite é unha festa
moi divertida.

...Para xogar, crear e contaxiar

Estrutura chave: “Teño medo a...”

O título da primeira parte na que se divide *Eu conto, ti cantas...* anuncia a superación dos medos nocturnos do protagonista. A partir da **estrutura chave “Teño medo a”**, que facilita a escrita libre, de xeito que permite perder o medo ao papel en branco e que mesmo pode servir de catarse (haberá medos compartidos, outros que non; medos absurdos, divertidos etc.), pódese pedir ao lectorado que dea conta daqueles elementos, reais ou imaxinarios, que lle provocan sentimentos de medo, inquietude, de perigo, receos etc. Así:

Teño medo ás sombras,
aos ruídos,
ao silencio,
a estar só,
a non durmir,
a que me poña unha inxección o médico,
a...

Ordenar palabras

Calquera das tres partes de *Eu conto, ti cantas...* permiten traballar coas palabras e alterar a súa orde. A partir de textos coma os que se indican a seguir de “Can branco, can negro”, habería que **ordenar as palabras** de maneira que tivesen sentido e tratar de buscar os versos exactos no respectivo poema.

Axiña se decataron
os dous inxenuos amigos
de que a cadela quería

buscar un mozo e ter fillos
que fosen guapos e fortes,
graciosos, doces e listos.

Proposta para ordenar as palabras:

se Axiña decataron
os inxenuos dous amigos
de cadela a que quería
mozo buscar e un ter fillos
que e guapos fosen fortes,
listos e doces graciosos,

É posible que ao refacer a orde xurdan diferentes combinacións para o mesmo verso non carentes de sentido, de aí que a actividade sirva tanto para cuestións de colocación de palabras coma para explorar as rimas.



Na busca de nobelos de seda

As **imaxes poéticas** son empregadas por María Victoria Moreno en *Eu conto, ti cantas...* en varias ocasións e mesmo para representar diferentes realidades. Así, por exemplo, “nobelo de seda” aparece tanto no poema narrativo “Can branco, can negro” como en *¿Un cachiño de bica?* designando, respectivamente, o cadeliño de cor negra Nicolau e os espaguetes que a camareira lle trae ao protagonista para xantar. A partir desta imaxe pode resultar de interese procurar realidades que sexan quen de converterse en “**nobelos de seda**”, cuestionarse de que **outro material** poderían ser os nobelos ou mesmo, no caso de que fosen doutro material, que **outros referentes reais** poderían designar. Así, un “nobelo de seda” podería ser o niño con poliños dunha galiña, pois acolle as indefensas e delicadas crías que se agochan baixo as plumas da súa nai. Mais ese “nobelo de seda”, podería ser un nobelo de algodón, pois os pitiños son moles e suaves como ese tecido. Outro “nobelo de algodón” podería ser o cabelo crecho dun neno.

Ao xeito dun mimo

Son numerosos os nomes de animais e profesións que aparecen neste poemario. De maneira individual ou colectiva pódese representar algún xesto característico deses animais (gatos, cans, lagartos, pombas, ratos...) ou desas profesións (varredores, bombeiros, policías, médicos...) **ao xeito dos mimos**. Tamén poderían empregarse sons e mesmo botar man doutros animais ou profesións que non aparecen no poemario, tales como leóns, elefantes, serpes, perruqueiros, cantantes, albaneis etc.



...Para dialogar con outras artes

Debuxa a....

Manolo Uhía apostou na súa proposta ilustrativa para *Eu conto, ti cantas...* por representar escenas concretas da narración textual nas que aparecen os personaxes principais. Pódese solicitar ao lectorado que faga a **proposta gráfica** de personaxes secundarios, mais que influen no desenvolvemento da acción dos tres poemas narrativos, tales como “Os homes altos”, de *¡Xa non teño medo!*; o desapiadado home que abandonou a cadela branca “que levaba na barriga / seis cadeliños de nata”, de “Can branco, can negro”, ou os outros comensais que hai no comedor e que “ían marchando / porque chegaba a hora / de ir ao traballo”, de *¿Un cachiño de bica?*



...Para pensar

Os tres poemas narrativos que conforman *Eu conto, ti cantas...* teñen en común a defensa do coidado do medio ambiente, especialmente do mundo animal, e a denuncia do maltrato que en ocasións se lle dá. Versos coma os que seguen de *¡Xa non teño medo!* servirían para **reflexionar** sobre esta cuestión:

—Atende á Terra
e á vida que palpita
na natureza.

Por medio de estampas, fotografías, vídeos etc. pódese presentar, aos participantes de menor idade, imaxes de diferentes animais e en diferentes condicións (ben coidados, mal tratados, vítimas dalgunha catástrofe natural etc.) para que comenten oralmente o que observan. Aos participantes máis avezados na lectura pódese solicitar que expoñan de maneira oral as razóns polas que cren que os “Homes altos” fan esa advertencia, así como maneiras coas que consideran que poderían contribuír á mellora da contorna e do planeta. Con certeza, a **responsabilidade individual e social** terán o seu protagonismo nas propostas que xurdan.

...Para emocionar

Nos versos de “Can branco, can negro” que se reproducen a continuación denúnciase abertamente o abandono de seres indefensos, neste caso, os cadeliños da cadela branca.


Correcamiños naceu
na beiravía da estrada
onde un home malo e feo
botara a cadela branca,
que levaba na barriga
seis cadeliños de nata.
Eran todos seis moi brancos,
moi bonitos, e foi mágoa
que ninguén os recibise
e ninguén lles dese casa.
Cousas tristes desta vida
que apesaran cando pasan...

Así mesmo, este poema, a partir do xogo de contrarios, establecido xa desde o propio título (branco fronte a negro), amosa a diferente realidade dun ser vivo, neste caso un can, en función da contorna na que nace e medra. As semellanzas e diferenzas entre a vida do can negro e a do can branco poden extrapolarse a **outras realidades**. O emprego de **imaxes** (seleccionadas consonte ás capacidades psicolóxicas e cognitivas de quen as vai observar) que dean conta da desigualdade das situacións nas que vive a nenez de lugares nos que non hai auga, fronte a outros nos que si a hai, ou nos que hai guerra, en contraposición a onde hai paz, poden servir para deixar emerxer os sentimentos de quen as contempla.

...Para aprender máis


Nos seguintes versos de *¿Un cachiño de bica?*, concretamente nos dous últimos, noméanse tres xogos populares:

Busquei a Iván e a Nica
na lúa do prato
e chiscáronme o ollo
na auga do vaso,
onde xogaban
ao **abellón**, á **estornela**
e á **buxaina**.



Esta mención pode aproveitarse para, cos participantes de maior idade, facer unha **pequena indagación** sobre as características deses xogos e doutros da tradición galega. Pódese entrevistar a persoas maiores, de xeito individual ou colectivo, e recoller información sobre os xogos nos que eles participaban; consultar recursos na rede que falen destes divertimentos, tales como a páxina da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (<http://www.agxpt.org/galego/presentacion.htm>), que tamén remite a outras fontes, e mesmo, unha vez coñecidos os xogos e a súa dinámica, organizar un día de xogos tradicionais para levalos á práctica. Aos de menor idade, pódeseles ensinar e poñer en práctica novos xogos tales como a busca de personaxes ou obxectos próximos a eles.

6. *Fafarraios*, de Gloria Sánchez



Fafarraios,
Ilustracións de Xan López Domínguez
Premio Merlín 1990
Lista de Honra do IBBY 1994
Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante),
n.º 24, 2ª ed. 2005, 42 pp.
ISBN: 84-9782-269-2

PREPARACIÓN DA LECTURA

1. CONTEXTO

Fafarraios conseguiu o V Premio Merlín en 1990, a primeira obra poética en obter ese galardón, e foi publicada en 1991, momento no que saíu do prelo *Rimas con letra*, que constitúen as primeiras achegas líricas de Gloria Sánchez dirixidas ao lectorado de curta idade. No ano 1990, a literatura infantil e xuvenil viuse beneficiada pola implicación dos mestres, como é o caso de Gloria Sánchez, que comezaron a dirixir as súas obras a un lectorado emerxente en galego, debido a que coa promulgación da Lei orgánica xeral de educación (LOXSE, 1990), se reforzaba o estudo e ensino da lingua e literatura galegas. En canto á produción poética dese momento, dirixida ao lector infantil, é de salientar a recuperación da lírica de transmisión oral, a creación de contos rimados, pero sobre todo as achegas poéticas que anovan este xénero coa súa orixinalidade e subversión e que incorporan os sentimentos, os soños, os medos, as denuncias, a imaxinación, o humor e o *nonsense*, establecendo pontes con outras tradicións e manifestacións artísticas, nas que Antonio García Teijeiro, Ana M^a Fernández e a propia Gloria Sánchez son os principais referentes.

2. A AUTORA/ O ILUSTRADOR

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) é unha das autoras de narrativa e poesía máis salientables e recoñecidas da literatura infantil e xuvenil galega. Boa mostra son o Premio Merlín 1990 e a Lista de Honra do IBBY en 1994 por *Fafarraios*, o Premio Edebé de Literatura Infantil en 1994 por *Doutor Rus* (1995), o Premio Lazarillo en 2000 por *Chinto e Tom* (2001) e o Premio ao Apartado C: Obra



de teatro de marionetas ou monicreques do 1º Concurso de Obras teatrais inéditas Camiño de Santiago con *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos* (1999), unha peza dramática escrita en colaboración con Miguel Vázquez Freire. Mestre de profesión, Gloria Sánchez destaca tamén pola súa implicación na divulgación da tradición oral e da literatura infantil e xuvenil.



Xan López Domínguez (Lugo, 1957) é un escritor, deseñador e ilustrador de Literatura Infantil con máis de trescentas achegas a este eido para editoriais de todo o mundo, entre elas as galegas Galaxia, Xerais e Cumio, ademais de colaborar no deseño e realización de diferentes campañas de fomento da lectura da Xunta de Galicia. Entre os numerosos recoñecementos, foi escollido como ilustrador do ano en 1994 na Fiera dei Libri per Ragazzi de Boloña; recibiu o premio Malba Tahon da Federación Brasileira do Libro Infantil y Juvenil (IBBY) en 1994 e o premio Rañolas de Ilustración de Chantada en 1996. Como escritor contribuíu á literatura infantil galega con títulos como *Voces na lagoa do espantallo* (1990), Lista de Honra do IBBY 1992; *Gago por Merenda* (1995); *Teodomiro soña con dragóns* (2000) e *A princesa e o dragón* (2000).

3. A OBRA

Descritor

Fafarraios reúne un conxunto de trinta e dous pequenos poemas, que van dunha a varias estrofas, con uso maioritario do verso de arte menor, que recorda formas líricas populares do cancionero infantil, como as cantigas de roda dialogadas. Salienta polo seu carácter rompedor, a orixinalidade, a subversión, o uso do humor, a fantasía desbordante e os xogos verbais, que acentúan a vertente lúdica da poesía. Números, vogais, partes do corpo, animais, obxectos cotiáns e personaxes percorren os seus versos, buscando a interacción e participación activa do lector infantil, mediante imaxes poéticas da vida cotiá. Recorre á personificación dos diferentes elementos poetizados e desenvolve a creatividade e a imaxinación.

Temas

Números / Vogais / Partes do corpo / Animais / Imaxes poéticas / Ecoloxismo / Educación para a igualdade / Amor / Publicidade / Consumismo / Creatividade / Imaxinación

4. PARA SABER MÁIS

1. Outras obras da autora

Gloria Sánchez salienta por mesturar tradición e modernidade, cunha clara pegada da contística que somete a un proceso de desmitificación, actualización, subversión e reinención, e na que aposta polo humor, a comicidade e o absurdo.

Outras creacións poéticas de Gloria Sánchez destinadas a esta mesma franxa de idade son **Rimas con letra** (Xerais, 1991), **Bichos con gaseosa** (Bruño, 1992), **Adiviñas de animais** (Alfaguara/Obradoiro, 2004) e **Adiviñas monstruosas** (Rodeira, 2006), nas que actualiza cantigas de roda, fórmulas de xogo e, sobre todo, a estrutura das adiviñas, para axudar a infancia a entrar en contacto co mundo que a rodea, ao mesmo tempo que coñece as letras, os animais, os números, partes do corpo... Tamén practicou a narrativa en verso e os xogos caligráficos en **Contos con letras** (SM, 2003).

É autora de varios álbums ilustrados para primeiros lectores como **Pum-Pum** (Ir Indo, 1993), no que reescribe o conto “A ratiña presumida”, con ilustracións de Irene Fra; **O grande Tronante. As aventuras do gato Ro e o capitán Bo** (Xerais, 1998), ilustrado por Xan López Domínguez; **¿A onde van as bolboretas no inverno?** (Everest Galicia, 2003), ilustrado por Xosé Tomás; e **Rato Pincho (Ou a verdadeira historia dos ourizos)** (Galaxia, 2004), ilustrado por Pablo Otero “Peixe”.

Conta con varias obras narrativas para o lectorado a partir dos 7 anos nas que xoga con personaxes típicos dos contos maravillosos, caso de **A raíña de Turnedó** (Xerais, 1996); **Sete casas, sete bruxas e un ovo** (SM, 1997), Premio Rañolas de Ilustración Infantil e Xuvenil 1998; e **Manual para unha pequena meiga** (Edebé-Rodeira, 1998). Outras tratan temáticas consideradas tabú (a exclusión social e a morte, por exemplo) como acontece en **Na casa de vidro do señor Clin** (SM, 1999) ou no relato **Chinto e Tom** (SM, 2001), Premio Lazarillo 2000, no que prima o humor disparatado, o nonsense e o absurdo.

2. Recensións e referencias

Bibliografía

Cabaleiro, Alexandra (2002), “A poesía infantil galega na década dos noventa”, *Fadamorgana*, n.º 8, “Poesía sen idade”, pp. 47-55.

Gaspar, Silvia (2000), "Gloria Sánchez: Deforma-la linguaxe para formar ideas", *Fadamorgana*, n.º 6, pp. 23-28.

Papeles de literatura infantil (1992), "Falando con Gloria Sánchez", n.º 15, pp. 17-19.

Webgrafía

Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=LuzS%E1nch1&alias=Gloria+S%E1nchez>

Fundación Germán Sánchez Ruipe rez (Banco de Recursos SOL):

<http://sol-e.com/bancorecursos/directorio_resultado.php?dSeccion=7&id_tabla=2161>

Wikipedia: http://gl.wikipedia.org/wiki/Gloria_S%C3%A1nchez>

PROPOSTAS DE TRABALLO

Actividades...

...Para introducirse na lectura

A lectura en voz alta

Ademais do anotado na introdución, para internarse na manipulación e comprensión das composicións poéticas de *Fafarraios*, sería recomendable:

- **Realizar unha lectura en voz alta** por parte do mediador na que teña en conta o ritmo, a rima e o significado das imaxes poéticas. Para provocar a motivación dos nenos, pódese iniciar a sesión coa lectura dalgúns poemas, como “Fafarrun” ou “Fafarravintedous”, ou de estrofas soltas que desenvolvan a imaxinación, por exemplo a seguinte estrofa do poema “Fafarracatro”:

Era dun rei
que tiña un palacio,
con tres coroíñas
de tres princesiñas.

Outras estrofas incentivan e animan o estudo, como a seguinte estrofa de “Fafarravintedous”:

A pombiña branca
quería ir á escola.
Mercou catro libros,
un lápiz e goma.

Buscando rimas

Antes de desenvolver as diferentes actividades baseadas nos poemas, convén que o mediador xogue ou realice algunha actividade encamiñada á identificación de rimas, aproveitando algunhas das palabras dos poemas para que os nenos traballen a **escoita atenta e a identificación de sons**. Así o mediador pode:

- **Ofrecer palabras soltas** coas que os nenos elaboren unha listaxe de palabras semellantes na súa parte final e que, dependendo do nivel dos participantes, irán de menor a maior dificultade. Por exemplo, pode resultar divertido buscar palabras que rimen con “abella, dragón, oso e pirata” que aparecen nos poemas.
- **Reordenar versos**. Despois de ler a primeira estrofa de “Fafarranove”, por exemplo, entregaráselles aos participantes os diferentes versos e terán que colocalos na orde correcta para formar novamente a estrofa.

Estrofa orixinal:

O dragón, dragón
Dorme nun pozo.
Levántase pola albada,
Almorza con ensalada.
Logo come polo monte
Con zapatóns de deporte.

Para reordenar:

Levántase pola albada,
O dragón, dragón
Logo corre polo monte
almorza con ensalada.
dorme nun pozo.
con zapatóns de deporte.

...Para xogar, crear e contaxiar

Táboa de poemas

Esta actividade creativa permite á infancia:

- **Elaborar un mural** na parede cunha táboa de números na que pegue textos poéticos de curta extensión, entre os traballados, escoitados ou creados nas diferentes actividades, a partir de *Fafarraios*, que estean relacionados

cos números. Así os nenos teñen sempre presente a faceta poética durante a súa vida cotiá, ademais de poder facer unha **reflexión estética** sobre os gustos poéticos, para desenvolver o criterio literario.

- **Crear unha antoloxía poética**, seleccionando os mellores poemas inventados, que se acompañarán da súa correspondente ilustración.

Xogar coas palabras

Un elemento fundamental deste poemario é o xogo que fai a autora coas palabras, ben creándoas ou ben achegando novos significados. Neste sentido o poemario, cuxo eixo é a palabra, permite fomentar a **creatividade** e desenvolver a **competencia léxica** dos nenos, tanto na comprensión coma na expresión, e préstase para:

- **Inventar novas palabras e definilas**, tomando como exemplo o propio título que é unha palabra creada por Gloria Sánchez.

- **Imaxinar e debuxar** que pode ser un “fafarraio” mais tamén un “papachús” e a súa funcionalidade.

- **Traballar a creación de novos poemas**, tomando como base a primeira estrofa de “Fafarrún”, xogando cos números, buscando novas semellanzas e ampliando a numeración:

O un é un soldado.
O dous é vividor.
O tres é como o ves.

- **Completar** o poema con palabras que conteñan as diferentes **vogais**, como en “Fafarradezaquito” no que presenta as vogais e fai uso do paralelismo:

Co A, ala.
Co E, xeo.
Co I, iris.
Co O, outono.
Co U, tururú.

- **Crear novos versos**, respectando a estrutura, mais cambiando o verbo ou o seu axente, por exemplo a última estrofa de “Fafarraoito”

Eu chorei	Eu cantei
Chorín-choraba,	Cantín-cantaba,
Pola nena namorada	Pola nena lastimada

- **Recoller frases de anuncios** para buscar novas rimas, dado o gusto dos nenos polos estímulos visuais, como acontece no poema “Fafarradezasete”, que comeza cunha oración a modo de anuncio publicitario:

¡SEÑORA!
 ¡MERQUE NICANOR,
 O DETERXENTE DE MODA!

- **Presentar unha listaxe** na que os participantes digan de maneira oral o seu contrario, como en “Fafarravinteito”, no que se contrapoñen “curto-longo”, “grandote-pequeno”...
- **Inventar unha nova historia en prosa**, coas palabras “rei, castelo e princesa” do poema “Fafarracatro”.
- **Reinventar un conto**, dándolles a volta aos personaxes, como en “Fafarratrinteún”, que relata unha escena do conto da Carapuchiña na que o lobo se caracteriza por ser despistado e torpe.

Eu falo, ti tamén

Moitos dos poemas de *Fafarraios* presentan versos con **diálogo** entre os diferentes personaxes que permiten **desenvolver a capacidade comunicativa** dos nenos, xa que se pode:

- **Representar** por medio de parellas cadanseu papel. Así mentres que un fai de rei, o outro de princesa, a semellanza de “Fafarraseis”; un de zoca e outro de zoco, como en “Fafarracatorce”; ou un de princesa e outro de vampiro, ao igual que en “Fafarravintetrés”.

As onomatopeas

A **imitación de sons** reais achega ritmo e musicalidade á poesía e permite traballar a sonoridade e a identificación dos sons con actividades do tipo de:

- **Xogar a recoñecer e imitar diferentes sons**, como os relativos ás onomatopeas presentadas en “Fafarracatro” (Rim Rimm –teléfono), “Fafarranove” (Atchuiiiss –espirro), “Fafarradezaeito” (Potoploof –caída), “Fafarravintetrés” (Pom Pom –petar na porta) e “Fafarravinteseite” (Din-dan, din-don –campá).
- **Imitar diferentes animais** só con xestos corporais e sons para que os demais xogadores os adiviñen.

Encadeados

A **reiteración** de palabras e estruturas sintácticas é un recurso moi produtivo na poesía infantil, porque axuda á memorización e á musicalidade, ademais de permitir o **encadeado de elementos**. Pódese:

- **Xogar a unir** palabras ou conceptos, a partir da estrutura de “Fafarravintecinco”, elaborando un novo poema encadeado:

Maricamontón, ten un cabalo;
O cabalo un cabaleiro,
O cabaleiro un cabelo...

...Para dialogar con outras artes

Ilustrar



Fafarraios conta cunha proposta ilustrativa de Xan López Domínguez para cada un dos poemas (trinta e tres), que reproduce a escena referida no texto ou algún dos seus aspectos. Isto permite:

- **Escoller** un ou dous poemas e **deseñar outra alternativa ilustrativa**, de maneira que desenvolvan a capacidade de síntese e a interpretación artística en diferentes códigos, ademais de identificar os temas clave dos textos traballados.
- **Elaborar unha ilustración dos personaxes** cos atributos descritos, como no caso do pirata de “Fafarradezanove” e a bruxa de “Fafarratrintedous”.
- **Debuxar as escenas** de “Fafarravinte” e “Fafarratrinteún”.

Cantar

Alguns poemas lembran certas composicións do cancionero infantil, como cancións de xogo, coas que os máis pequenos adquiren coñecementos e se integran na sociedade. Recoméndase:

- **Xogar** ás adiviñas, á roda e **recitar** trabalinguas.

...Para pensar

O volume *Fafarraios* presenta poemas que axudan a desenvolver a imaxinación, a creatividade e a fantasía e, en menor medida, asoman temas que contribúen ao desenvolvemento da **competencia emocional e da competencia social e cidadá** entre os máis pequenos. Pódese:

- **Provocar a reflexión** sobre diferentes temas, a partir do texto poético, entendendo que a poesía pode ser tamén vehículo para expresar **ideas** ou **sentimentos sobre o mundo** que rodea a infancia.

Así, hai poemas que contribúen a salientar **valores positivos de cidadanía e responsabilidade social e cuestións existenciais**, que non se deben pasar por alto na medida en que forman parte do que o texto poético trata de comunicar:

- “Fafarradous”: a contaminación, o ecoloxismo, a preservación da capa de ozono ou o respecto polo medio.
- “Fafarronce”: educación para a igualdade.

- “Fafarradezasete”: o poder da publicidade e o consumismo.
- “Fafarravintedous”: a importancia dunha dieta saudable.
- “Fafarravintecatros”: a importancia do material e o valor do que nos rodea.
- “Fafarravintesete”: a morte.

...Para emocionar

É moi importante nestas idades, traballar a **compoñente emocional** da poesía, procurando sempre a participación da nenez na construción de significados. O tema do amor aparece de modo recorrente en varios poemas de *Fafarraios*, que poden axudar a:

- **Descibir os sentimentos.**

No texto "Fafarraseis" trátase o tema do amor a partir da relación entre dous obxectos personificados, un zoco e unha zoca. É de interese **formular preguntas** que permitan propoñer **hipóteses propias** ao respecto, por exemplo, "Por que é duro o inverno para o calzado?", "Por que abandonan os seus donos?", "Como cres que remata a súa historia de amor?".

En "Fafarraoito" fálase da ilusión dunha cebola por atopar noivo e tamén da súa **morte**, unha temática complexa que se debe abordar na medida en que forma parte da experiencia humana. Unha actividade de interese sería a creación individual ou en grupo dunha **nova historia de amor** da cebola con outras verduras (como se coñecen, que lles ocorre, como pode rematar esta relación...).

En "Fafarracatorce" e "Fafarravinteito" preséntanse dúas situacións diferentes de namoramento. Estes dous textos axudan a formular certas cuestións para **reflexionar sobre a diferenza**: Por que cres que a princesa namora do vampiro? Débese valorar máis o aspecto físico ou a forma de ser das persoas?

...Para aprender máis

A capa de ozono e a contaminación

Na composición “Fafarradous” preséntase a capa de ozono, personificada como Don Ozono, que permite investigar as razóns polas que ten un furado. Así os máis pequenos poden coñecer as principais causas da **contaminación ambiental e do quecemento global** e as súas posibles solucións.



A Carapuchiña


O poema “Fafarratrinteún” é ideal para aprender e coñecer mellor o conto da Carapuchiña e as súas diferentes versións, desenvolvendo a **competencia literaria** ao analizar as diferenzas intertextuais en canto a episodios, diálogos e personaxes, comentando os cambios de rol dos personaxes, dos finais e das referencias espazo-temporais. Para iso resulta interesante **comparar o poema** con outras versións narrativas, como *Carapuchiña vermella* (Kalandraka, 1998), de Charles Perrault; *A Carrapuchiña Vermella* (Xerais, 2003), de Jacob e Wilhelm Grimm; *A verdadeira historia de Carapuchiña* (Kalandraka, 2004), de A. R. Almodóvar; *Confundindo historias* (Kalandraka, 2004), de Gianni Rodari; *No bosque* (Kalandraka, 2008), de Anthony Browne; e *As manoplas da Carapuchiña* (OQO, 2010), de Inés Almagro, entre outras propostas.



galicia



Asociación de
investigación en
literatura infantil
e xuvenil



XUNTA
DE GALICIA